# Un achegamento á *Falange* local: O libro de afiliados á *Falange* de Betanzos (1936-1967)



XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

Achegamento ao coñecemento da *Falange* de Betanzos e dos seus integrantes máis destacados a través do seu libro de afiliados e doutros documentos existentes no fondo da Xefatura Comarcal do Movemento de Betanzos custodiado no Arquivo do Reino de Galicia.

Abstract

An approach to the knowledge of the Betanzos Phalange (*Falange* de Betanzos) and its most prominent members through its affiliate book and other documents existing in the archives of the Regional Headquarters of the Movement of Betanzos (*Xefatura Comarcal do Movemento de Betanzos*) kept in the Archive of the Kingdom of Galicia.

Entre a documentación relativa á Xefatura Comarcal do Movemento de Betanzos existente no Arquivo do Reino de Galicia (ARG en adiante) figura un libriño de afiliados (coa signatura C-65214-4), de pastas negras e sen distintivo externo ningún, que abrangue o período que vai de 1936 a 1967.

O libriño, sen paxinar, consta dun cadro tipo que recolle os seguintes apartados que logo se cubrían a man: «Núm. de orden», «Núm. de expte.», «Nombre y apellidos», «Dirección», «Alta (Día, Mes, Año)», «Baja (Día, Mes, Año)», «Cuota» e «Observaciones». Os apartados referentes a «Núm. de expte.» e «Cuota» aparecen sempre sen cubrir e os de «Baja» e «Observaciones» só nos casos en que se produciu a baixa e para indicar a localidade ou país ao que se desprazou ou ben se foi voluntaria ou por falecemento.

O libro contén dúas listaxes. Unha listaxe manuscrita por orde alfabética (que non sempre se segue correctamente dentro de cada letra) que ten en branco as páxinas que corresponderían ás letras H, J, K, Ñ e U, en que non hai afiliados con apelidos que comecen por esas letras. Os únicos con apelidos que comezan por I e por Y van incorporados ao final do G e do V, respectivamente. Recolle un total de 206 persoas. A continuación comeza outra listaxe manuscrita por «Núm. de orden» (local, engadido a man) ata un total de 266 persoas por data de afiliación á organización, aínda que ao remate hai oito anotados sen orde. Aquí o apartado «Núm. de expte.» aparece corrixido como «Núm. de carnet provinc.» Ao que se engade na marxe, tamén a man, «Núm. de carnet Nacional», apartados que en ningún caso aparecen cubertos. A listaxe alfabética transcribímola ao remate do traballo mentres que a listaxe por data de afiliación reproducímola fotograficamente.

* **Xesús Torres Regueiro** é betanceiro e autor de varios libros e numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino* dende 1983.

Hai, pois, unha diferenza de 60 persoas entre a listaxe alfabética e a listaxe cronolóxica. Na primeira faltan persoas que ou ben abandonaron a militancia, trasladáronse de poboación, faleceron ou non foron debidamente asentadas nesa listaxe.[1]

O libro comezou a redactarse na década dos cincuenta (quizais en 1957), pois aparecen domiciliados en Grupo «Los Caneiros» (catro dos «camisas viejas» residen aquí) Grupo «Las Mariñas» e Grupo «Brigantium», vivendas sociais que se construíron nesa década e, ademais, un «vieja guardia» que causa baixa en 1952 xa non aparece na listaxe alfabética. A segunda listaxe, por data de afiliación, corresponde case todo el á man dunha mesma persoa, que fai o último asento o 14 de febreiro de 1963. Os últimos oito asentos corresponden a outra ou outras mans. As derradeiras anotacións corresponden a marzo de 1968.[2]

O libro xa non recolle militantes que faleceran antes de iniciarse a súa confección, agás a salvidade dos «viejas guardias» Brage Núñez e Núñez Fernández, falecidos na guerra. Outros falanxistas falecidos na guerra, pola contra, non aparecen. Así, por exemplo, son citados en documentos internos como militantes persoeiros que non figuran en ningunha das dúas listaxes do libro, tal Emilio Romay Montoto («Militante. Ocupó la Alcaldía citada y más tarde la Presidencia de la Diputación Provincial en el mismo período»), falecido en 1950, ou Raúl Fernández Meás (que «es militante de nuestra Organización. Ocupó la Alcaldía de esta Ciudad en el período de la Dictadura»), falecido en 1953.[3]

Estamos, pois, ante un libro de afiliados incompleto no que, ademais dos falecidos (coas salvidades citadas) xa non figurarían as baixas anteriores a 1952. Así, por exemplo, afiliados citados en documentos de correspondencia dos anos 1943 e 1944 non figuran no libro, probablemente por terse dado de baixa, ben voluntaria ou por traslado.

## OS INICIOS DA FALANGE

O movemento nacionalsindicalista liderado por José Antonio deuse a coñecer cun mitin político celebrado no Teatro da Comedia de Madrid o 29 de outubro de 1933, acto que congregou a unhas dúas mil persoas e foi retransmitido por radio. Nese momento non tiña nome, aínda que se barallara o de Fascismo Español. Uns días despois, na reunión oficial decidiuse adoptar o nome de Falange Española que tiña as mesmas iniciais que o citado.

José Antonio, avogado de trinta anos e deputado por Cádiz (provincia onde nacera seu pai) nas eleccións de novembro de 1933, dentro dunha candidatura de dereitas

1 Os que faltan corresponden aos seguintes números da listaxe cronolóxica que reproducimos: 39, 40, 46, 47, 48, 54, 56, 57, 58, 59, 62, 63, 67, 69, 71, 74, 75, 77, 79, 82, 84, 85, 86, 90, 105, 106, 110, 117, 121, 129, 156, 157, 174, 176, 181, 184, 186, 193, 194, 196, 201, 206, 212, 224, 238, 246, 256, 259, 260, 261, 262, 263, 264, 265 e 266.

2 Dentro do libro en papeis soltos hai os seguintes documentos:
Un «Inventario de muebles y enseres de la Delegación local de Juventudes de Betanzos…» asinado en 14-X-1965 polo Delegado comarcal de Juventudes Marcelino Álvarez López. Unha relación de 166 persoas por orde alfabética co encabezamento «Jefatura Local del Movimiento de Betanzos», sen datar. E unha folla mecanoscrita co título «Relación de camaradas de esta Comarcal que poseen la condición de ExCombatientes».

3 ARG. Fondo XCMB. C-65244, Informes político sociais (1937-1956). Copia resposta á petición dun informe sobre «Representantes vitivinícolas» de 15-I-1938 solicitado dende a Xefatura Provincial da Coruña ao Camarada Jefe Comarcal de Betanzos.

monárquica, era fillo do Ditador Primo de Rivera que encabezara o golpe militar en setembro de 1923, coa anuencia do rei Alfonso XIII, e presidiu o directorio militar que gobernou o estado español ata o xurdimento da II República coas eleccións do 14 de abril de 1931. O xeneral Primo de Rivera dimitira o 28 de xaneiro de 1930, e trasladárase a París onde, xa enfermo, morrerá pouco despois o 16 de marzo dese ano. O fillo deputado que pretendía nun principio lavar a imaxe deteriorada de seu pai, remataría por crear unha organización fascista poucos meses despois da chegada ao poder en Alemaña de Adolf Hitler.

O 15 de febreiro de 1934 Falange Española fusiónase con outra pequena organización fascista, as JONS (Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista), creada en Valladolid en 1931 por Onésimo Redondo, e mantendo as siglas de ambas as dúas e converténdose a nova organización en FE-JONS. As JONS achegaron os seus propios símbolos: o xugo e as frechas e a bandeira roxinegra.

Nas eleccións de febreiro de 1936, gañadas pola Fronte Popular, a *Falange* presentou os seus propios candidatos sen obter un só deputado e José Antonio perdeu a súa acta por Cádiz (por onde volvía a presentarse) pasando á condición de simple cidadán. Dentro da escalada de crispación e violencia política que se vivía, o 14 de marzo de 1936 FET-JONS foi declarada ilegal e os membros da súa Xunta Política localizados en Madrid foron detidos, entre eles o líder José Antonio. Este será trasladado á cadea de Alacante, onde xa en plena guerra civil é xulgado e condenado a morte por un xurado popular por conspiración e fusilado o 20 de novembro. Unha morte que se mantivo un tempo nunha especie de limbo, tanto entre os seus seguidores -que se resistían á realidade e se referían a el polo «Ausente»- como por parte de Franco e os militares. Finalmente sería asumido como o «Mártir», e o seu nome encabezará as relacións de «Caídos por Dios y por España» nas lápidas de todo o país e mesmo gravado na fachada de moitísimas igrexas. Ademais o seu retrato ao carón do do «Caudillo» Franco presidirá os sitios e despachos oficiais nun curioso binomio dun líder vivo e outro morto, para proveito do primeiro mentras o segundo «muerto llegó a ser objeto del más extraordinario culto al mártir de toda Europa contemporánea». (Payne, 1997:373)

O primeiro acto, considerado fundacional, da *Falange* en Galicia tivo lugar o 17 de marzo de 1935 en Vilagarcía de Arousa con presencia do líder José Antonio:

> En este acto intervinieron Daniel Buhigas, jefe local; López Suevos de Ferrol, que se encargó de combatir al galleguismo, calificado por él como desmembrador de España y al socialismo; cerró el acto José Antonio con un discurso en el que expuso el programa falangista y en el que anunció enfáticamente que «la próxima revolución la ganarán mis camisas azules con los fusiles en la mano». En la calle, después de los discursos, se produjeron enfrentamientos entre falangistas y sindicalistas.[4]

O acto fundacional das «Falanges gallegas» ficaría como unha data simbólica e conmemoraríase despois anualmente durante o réxime franquista. A partir da guerra celebraranse en Vilagarcía concentracións falanxistas conmemorativas todos os anos. Mesmo en expedientes persoais de falanxistas figura a asistencia ou non á concentración de Vilagarcía. Así, en 1957 Solís Ruiz, secretario xeral do Movemento, falou diante de corenta mil persoas (segundo o *ABC*, 19-III-1957). En 1958 no Consello Local de Betanzos

4 *Gran Enciclopedia Gallega*, voz «Falange Española», tomo 11, páx. 73-74, sen asinar.


Falange Española
TRADICIONALISTA
de las J. O. N. S. Betanzos
Jefatura Local
SALUDO A FRANCO: ¡ARRIBA ESPAÑA!
En esta Jefatura se ha recibido un oficio de la Secretaría e Inspección Provincial de Organizaciones Locales, que transcripto, dice:

trátase o tema da celebración e acordan darlle a máxima publicidade para organizar unha excursión, «con la mayor concurrencia posible de camaradas y excombatientes, aun cuando por coincidir en feria se teme que esta no sea todo lo lucida que nosotros desearamos».[5]

Seguindo a fonte anteriormente citada (*Gran Enciclopedia Gallega*, voz «Falange Española»), non atopou moito eco a *Falange* en Galicia antes de xullo de 1936, pois unicamente contaba con elementos illados en Vilagarcía, Ourense, Lugo, A Coruña «y poco más»:

> Enrique Sáez se encargaba de coordinar la relación entre los primeros núcleos surgidos en la Escuela de Comercio, en el Instituto Nacional de La Coruña y en la Universidad de Santiago. Juan Canalejo Castells, teniente de Intendencia, llegó a La Coruña en 1933, poco antes de la visita de Ramiro Ledesma Ramos, con la misión de introducir y organizar la Falange en La Coruña. Canalejo, después de las elecciones de febrero fue llamado a Madrid por José Antonio, que lo nombró Jefe Territorial de Galicia.

## OS «CAMISAS VIEJAS» DA *FALANGE* DE BETANZOS

Na primeira *Falange* distinguiase entre militantes e adheridos, ou 1.ª e 2.ª liña. A «primera línea» formábana os membros regulares e activos, oficialmente inscritos na organización. Os de «segunda línea» eran unicamente simpatizantes, que mesmo podían achegar cartos ou outros servizos mais non querían comprometerse ou significarse publicamente e non figuraban inscritos.

Existía ademais unha división informal (pero rexistrada) entre os afiliados á *Falange*. Por un lado estaban os «camisas viejas» ou «vieja guardia», afiliados á *Falange* primitiva de José Antonio antes do 18 de xullo de 1936 ou, aínda mellor, antes das eleccións de febreiro de 1936 que deran o triunfo á Fronte Popular. Por outro, os afiliados posteriormente, que serían «camisas nuevas». Era esta unha especie de distinción honorífica. Mesmo existía unha medalla de *Vieja Guardia* que se lle outorgaba a algúns segundo os méritos.

Un total de trinta e seis militantes de Betanzos aparecen afiliados antes do 18 de xullo de 1936, aínda que isto non significa que todos se afiliaran á *Falange* en Betanzos. Os primeiros, dende logo, teríano feito noutras localidades onde estaban a estudar pois en

5 ARG, C-65214-1, Actas do Consello Local, 11-III-1958.

Betanzos non existía organización de Falange Española antes do 22 de xullo de 1936. Algúns «camisas viejas» instaláronse en Betanzos anos despois procedentes doutros puntos de Galicia: Vilagarcía, Pontedeume, Ferrol, etc.

Moitos deles son adolescentes que nun principio son encadrados na Falanxe ao non contar esta con organización xuvenil. Os máis noviños eran denominados «Balillas» e coa unificación pasarán a chamarse *Organizaciones Juveniles*. O *Frente de Juventudes*, sección xuvenil da FET-JONS creouse por lei do 6 de decembro de 1940 [BOE, nº 312, 7-XII-1940]. Encadraba rapaces dende os sete anos «hasta la edad de ingreso en las filas del Ejército» en diferentes grupos de idade. Estes adolescentes «Camisas viejas» betanceiros son case todos estudantes do Instituto de Segundo Ensino, creado no curso 1933-34, onde algún profesor debía exercer o proselitismo cara a esta organización e tamén algúns alumnos maiores que terían comezado o Bacharelato no Instituto da Coruña, onde se fixeron militantes, e logo trasladaríanse ao de Betanzos.[6]

O afiliado máis antigo é Salvador Sánchez García, con alta de 14 de novembro de 1933 cando a organización, creada poucos días antes, o 29 de outubro, se denominaba Falange Española. Tívose que afiliar fóra de Betanzos, probablemente en Zaragoza, a onde acudiu a estudar na Academia Militar, onde estaba Franco de director,  en 1928 e onde casaría. Debía ter vinte e dous anos no momento de afiliarse, pois no padrón de 1936 conta con vinte e cinco, solteiro e de profesión «Industrial». Coñecido polo alcume familiar «Limiñón», que mesmo figura na listaxe, herdado de seu pai, un destacado mestre-carpinteiro con taller de carpintaría, dedicado á construción, e que construíra unha fermosa casa familiar na rúa Travesa con símbolos da profesión nas portas, que algúns din que son masónicos. Nesta casa residiría o fillo, quen engadiría o alcume familiar despois dos apelidos e mesmo lle poría a un fillo o nome Manuel Limiñón. Salvador foi combatente durante a guerra (xefe da 1.ª Bandeira da Coruña).[7] Desempeñará posteriormente o cargo de xefe comarcal de FET-JONS (ou do Movemento, como se denominou despois) durante varios anos. «Limiñón» é xefe comarcal dende 1941, polo menos, a 1952, ano en que é substituído por Ramiro Prego Meirás[8]. Mais non abandonaría totalmente a actividade política do Movemento pois en 1956 era deputado provincial e en 1963 aínda se presenta e sae eleito concelleiro polo terzo familiar.

En 1934 ingresan os irmáns Enrique e Luis Álvarez García (4 de febreiro), Celestino Luis Crespo Crespo (4 de febreiro) e Jaime-Manuel Moretón Vico (14 de febreiro). O día 15 de febreiro producírase a fusión coas JONS (Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista) pasando a denominarse FE de las JONS. A partir desa data e nos meses seguintes ingresan Tomás Dapena Espinosa (20 febreiro), Vicente Rodríguez Ascariz (23 de marzo), Ramón Vázquez Seijo (14 de abril), José Luis Fernández Barreiro (15 de setembro), José Mauri Sobrino (25 de setembro).

---

6 O Instituto de Betanzos contaba no primeiro curso de funcionamento con 76 alumnos/as, dos que 26 proviñan doutros institutos. No curso 1936-37 contaba con 174 alumnos/as. Foi suprimido en 1937 polo novo réxime franquista. AMB. C-941.

7 Un soldado poeta, José Santos Reiriz, que combateu ás súas ordes dedicáballe un «Saludo» en forma de poema «A nuestro camarada jefe de la 1.ª Bandera de Coruña, Salvador Limiñón», publicado no xornal *El Compostelano* o 28 de outubro de 1937 que comeza así: «Ya vuelve hasta nosotros el héroe que otro día / en gestas victoriosas al triunfo nos llevó...»

8 ARG: C-65253-1. Certificados 1942-1954.



Relación de excombatentes na Guerra Civil na que aparecen varios «camisas viejas»

Enrique Álvarez García figura no padrón de 1936 como estudante con vinte e nove anos, que vive coas tías Dolores (solteira) e M.ª de la Concepción García Ramos (viúva). Esta era tres anos antes a presidenta do grupo feminino da Unión Regional de Derechas integrada na CEDA. Tamén figura no mesmo domicilio Luis, irmán de Enrique, médico de vinte e oito anos que traballa no dispensario do médico José Vázquez Crespo (afiliado a FE-JONS o 30-X-1937). Os dous irmáns afiliaríanse probablemente en Santiago mentres estudaban Medicina. Luis sae voluntario para a fronte de Asturias en agosto de 1936.

Nunha comunicación asinada o 3 de setembro de 1937 («II Año Triunfal») polo director accidental do Instituto de Segundo Ensino Fernando Martínez dirixida ao Reitor da Universidade de Santiago infórmase da situación de Luis Álvarez:

> En relación con lo que de mí interesa en oficio número 1042, que de V.I. acabo de recibir, tengo el honor de comunicarle que la Cátedra de Educación Física y Preparación Pre-Militar de este Centro, ha sido desempeñada como Profesor Interino gratuito por Don Luis Alvarez García, Médico de esta Ciudad, por nombramiento de este Claustro aprobado por ese Rectorado en oficio número 115 fecha 21 de Enero último, si bien dicho Señor se halla en la actualidad ausente por haber sido destinado como Alferez Médico a la Comandancia General de Las Canarias y allí incorporado al Batallón de Cazadores de Ifni número 283 que salió para uno de los frentes de combate de nuestro Glorioso e Impar Ejército.
> Dios ensalce a España y guarde muchos años la vida de V.I.

Outro irmán, Manuel, avogado de vinte e sete anos, figura noutro domicilio no padrón citado, e afiliarase pouco antes do 18 de xullo de 1936. Estamos, pois, ante tres irmáns «camisas viejas».

Celestino Luis Crespo Crespo nacera en Betanzos en 1913. Estudou o Bacharelato na Coruña e, posteriormente, ingresou na escola Normal de Maxisterio. Tiña vinte anos cando ingresou na *Falange*, sendo estudante. Mobilizado durante a guerra, foi despois mestre de escola, correspondente e colaborador de prensa, e escritor. En 1946 publicou o libriño de poemas *Brétemas mariñás* no ano 1946, o primeiro publicado en galego logo da guerra civil, feito que semella insólito para un «camisa vieja». Estivo dez anos de mestre da escola

mixta da parroquia betanceira de Piadela e logo trasladouse a Santiago, onde falecería dun infarto en plena rúa do Vilar con cincuenta e un anos en 1965. Borobó, que tratou moito a Celestino en Santiago e era director de *La Noche*, onde este colaboraba, dixo nun artigo sobre el: «Celestino presumía de haber sido falanxista denantes que Salas Pombo, o xefe feixista da Coruña. Foran condiscípulos no grado profesional da Escola de Maxisterio nesa capital».[9]

Jaime-Manuel Moretón Vico era fillo do comerciante Santiago Moretón Simón, orixinario da provincia de Valladolid, membro da CEDA, concelleiro e alcalde en funcións entre novembro de 1935 e febreiro de 1936 e tamén concelleiro despois da sublevación militar. O fillo tiña vinte anos cando se afiliou á *Falange* e era «Bachiller». Casou con Angélica González, filla do vello «Cubano» Gonzalo González, quen foi nomeado concelleiro despois do golpe militar e ao rematar a guerra civil presidiu brevemente as sesións da corporación ata abril de 1940, continuando aínda un tempo de concelleiro. Tres irmáns de Angélica son tamén falanxistas de primeira hora. Jaime foi concelleiro con Dapena entre 1961 e 1967.

Tomás Dapena Espinosa figura no padrón de 1936 con dezasete anos, estudante, residindo cos seus pais na rúa Saavedra Meneses 26. O pai dedicábase ao «Comercio». Tomás afiliouse probablemente cando estudaba no Instituto da Coruña. Será un dos excombatentes da guerra civil. En 1945, xa casado e con dous fillos, segue vivindo na casa familiar coa nai viúva e traballa de «empleado». Cinco anos despois trasladarase apenas uns metros á rúa Nuestra Señora n.º 2, con dous fillos máis. Tomás aparece como concelleiro «gestor» en agosto de 1944 substituíndo a Miguel Sanmartín García. En febreiro do ano seguinte é nomeado 1.º tenente alcalde na reorganización do Concello e alcalde do mesmo o 28 de marzo de 1945, cargo que desempeñará ata o 10 de outubro de 1968, durante vinte e dous anos e medio. Faleceu o 6 de decembro de 1982 cando desempeñaba o cargo de xefe da Oficina Local de Emprego.

Vicente Rodríguez Ascariz, duns dezanove anos cando se afilia, nacera na Arxentina e era fillo do comerciante Julio Rodríguez Ares, que se afiliará en febreiro de 1936 e desempeñará cargos locais. Vicente sae voluntario á fronte na 2.ª Bandera de Falange da Coruña en xaneiro de 1937 e resulta ferido en Biscaia. En 1940 figura como dependente de comercio. Causa baixa en 1952, quizais por traslado (o topónimo «Ordenes» figura ao carón e xa non aparece na lista alfabética.

Ramón Vázquez Seijo figura no padrón de 1945 con vinte e nove anos. Empregado de profesión, solteiro, vive no Valdoncel n.º 83 cos pais e catro irmáns. Nacera en 1916, polo que tería uns dezaoito no momento da afiliación, realizada cando estudaba no Instituto de Segundo Ensino de Betanzos. Coñecido popularmente por Moncho o do Patín, entra na corporación como concelleiro en representación de «Entidades» en febreiro de 1949. En 1967 entra por «representación familiar», seguía en 1971 co alcalde Marcial Olveira. Foi o último «Vieja Guardia» presente na corporación municipal.

José Luis Fernández Barreiro tiña vinte e un anos cando se afilía. No padrón de 1940 figura como profesión «Comercio» e no de 1945 casado con dúas fillas. Posteriormente foi coñecido como José Luis o do Butano, do que era representante en Betanzos. Foi concelleiro en 1961.

9 Borobó: «Anacos novos. O poeta betanceiro», *La Voz de Galicia*, 3-V-1986.

José Mauri Sobrino tería uns dezaoito anos cando se afilia, sendo estudante do Instituto de Segundo Ensino de Betanzos. No padrón de 1940 figura como estudante de vinte e dous anos e seguía aparecendo como estudante de vinte e sete en 1945, solteiro e vivindo cos pais e irmáns. Era fillo do contratista de obras José Mauri Inglés, natural de Barcelona e casado cunha betanceira, domiciliado na praza Hermanos García n.º 17.

En 1935 rexístranse os ingresos de Camilo Benito Novo (non consta día nin mes mais aparece en primeiro lugar nese ano), Manuel Becaría Loureda (2 de febreiro), Manuel Roibás Seco (20 de maio), José Gómez Fernández (outubro), Juan Varela García (7 de outubro), Jesús Brage Núñez (16 novembro) e Luis Mauri Sobrino (20 de decembro).

Camilo Benito Novo, estudante, figura con dezaseis anos no padrón de 1936. O seu pai tiña unha fonda no arco da Ponte Nova, onde despois terá el un negocio de droguería. O seu irmán Miguel tamén se afiliará máis tarde, en 1942.

Manuel Becaría Loureda, industrial de trinta e seis anos no padrón de 1936. Fora membro da Irmandade da Fala e, posteriormente durante a II República, da Unión Regional de Derechas encadrada na CEDA, ao igual que a súa esposa. Era cuñado de Emilio Romay Montoto, quen pertenceu á mesma organización, alcalde de Betanzos e presidente da Deputación Provincial na Ditadura de Primo de Rivera e durante o Franquismo. Becaría será tamén alcalde de Betanzos durante dous anos, do 3 de xaneiro de 1943 ao 9 de febrero de 1945, sendo substituído por Tomás Dapena.

Manuel Roibás Seco contaba con vinte e sete anos en 1936. Procedía de Ferrol e dedicábase ao comercio, segundo o padrón de 1936, e figuraba como «escribiente» no de 1940.

A José Gómez Fernández non o atopamos nos padróns consultados.

Juan Varela García. Unha anotación no libro, «A Valencia», indica que debeu marchar a esa localidade. O seu nome xa non aparecerá na lista alfabética.

Jesús Brage Núñez tiña vinteún anos en 1936. Era fillo do secretario do Xulgado, Andrés Brage Bouza, afiliado en outubro de 1937. Jesús faleceu durante a Guerra Civil. O seu nome xa non aparecerá na listaxe alfabética aínda que o manteñen na cronolóxica.

Luis Mauri Sobrino tiña catorce anos en 1936 e estudaba no Instituto. Irmán de José, outro «Vieja Guardia». Causou baixa na organización local en 1968 ao emigrar a Holanda.

A comezos de 1936 aparecen rexistrados os seguintes: Agustín Folla Leis (1936), Francisco Asensi Ramallo (10 de xaneiro), José Fuentes Tasende (xaneiro), Gonzalo González Naveira (22 de xaneiro), Eduardo Veiga Mosquera (febreiro), José Iglesias García (6 de febreiro), José Crespo Castro (9 de febreiro), Julio Rodríguez Ares (11 de febreiro), Antonio Lino Benito Rey (23 de febreiro) e Luis López Vázquez (1 de marzo).

E ata o 18 de xullo de 1936 están rexistrados os ingresos de Carlos Núñez Fernández (2 de abril), Tomás Brea Bouza (20 de abril), Antonio Golpe López (maio), Ramiro Prego Meirás (24 de maio), José Benigno Castro Rodeiro (1 de xuño), Pedro Galán Simón (25 de xuño), Francisco Golpe Lobeiras (xullo), Enrique Sanz Ares (2 de xullo) e Manuel Álvarez García (13 de xullo).

Agustín Folla Leis, catedrático coruñés, veu para o Instituto de Betanzos en 1936. Debeuse afiliar na Coruña. Foi o primeiro director do Instituto Laboral entre 1952 e 1957, instalado de primeiras no exconvento de San Domingos antes de construírse o edificio da Magdalena, inaugurado en 1956 e bautizado en 1958 co nome de «Francisco Aguiar».

Francisco Asensi Ramallo tiña arredor de vinte anos en 1936. Era fillo dun militar que faleceu antes do seu nacemento: «Joven aún y en plena luna de miel falleció el capitán de

esta Zona de Reclutamiento D. Francisco Asensi», (*El Noroeste*, 19-IV-1916). En 1953 noméano «Delegado Comarcal de ExCombatientes»[10]. En febreiro de 1952 entra como concelleiro en representación de «Cabezas de familia». Presenta a renuncia por motivos de saúde que non é aceptada en pleno do 22-II-1957.[11]

José Fuentes Tasende. Nado en 1918, tiña dezasete anos cando se afiliou. O seu pai era zapateiro na rúa do Valdoncel. No padrón de 1945 figura como zapateiro. Causou baixa voluntaria en 1968.

Gonzalo González Naveira contaba con quince anos en 1936. Coñecido popularmente por «Machito». Era o fillo máis novo de Gonzalo González González, o «Cubano», destacado comerciante que desempeñará a Alcaldía de Betanzos brevemente a finais de 1939 e comezos de 1940, e medio irmán do maior que se chamaba exactamente igual que o pai e a quen a xente se refería como «o Cubano xordo», quen se afiliou o 12 de outubro de 1937. O ano anterior, o 20 de setembro de 1936, aparece afiliado outro irmán, Genaro, que causa baixa en 1952 por traslado a Ordes.[12]. González Naveira era delegado comarcal do *Frente de Juventudes* a comezos de 1950 e, como tal, membro do Consello local do Movemento creado en 1952.

Eduardo Veiga Mosquera era de Cortiñán, no veciño Concello de Bergondo, a onde debeu pasar logo a sua afiliación. O seu nome xa non aparecerá na lista alfabética.

José Iglesias García aparece no padrón de 1936 como veciño da rúa Quiroga n.º 8, de trinta anos, natural de Rois, profesión «Industrial», casado e con catro fillos. Posteriormente aparecerá como «empleado» e con seis fillos. Levaba cinco anos na cidade e anteriormente residira en Bos Aires. Era o xefe de Milicia de Falange Española, constituída despois da sublevación militar do 18 de xullo. En calidade de tal, declara o 22 de setembro no consello de guerra contra o Alcalde Tomás López Datorre que sería fusilado o 1 de outubro. En febreiro de 1938 instruéselle un «sumarísimo expediente para depurar su responsabilidad como falso denunciante y por el mal concepto que de su falangismo han podido deducir tanto el Delegado Provincial de Justicia y Derecho, como el Camarada Luis Bescansa Aler», sendo suspendido de militancia na *Falange*. Parece ser que fixera algunha denuncia contra Fernando Martínez Álvarez, xefe local de Betanzos naquel momento.[13] Iglesias é o único militante –coa excepción do caso Limiñón– que aparece con alcume nunha listaxe da organización e tamén no expediente que se lle segue. Nesa altura atopábase incorporado como sarxento ao Batallón de Orden Público nº 424 de León. Uns meses despois tamén tivo algún problema en Belmonte (coidamos que se trata de Belmonte de Miranda en

10 ARG. C-65214-1. Libro de Actas Consello Local (1952-1963)

11 AMB, C-3104. Libro de Actas de pleno

12 Sobre esta familia véxanse os traballos publicados en *Anuario Brigantino* por González (2009) e González e Golpe González (2010), consultabeis en Internet no sitio anuariobrigantino.betanzos.net

13 ARG, C-65272-11. Fernando Martínez Álvarez afiliouse o 1 de xaneiro de 1937. No padrón de 1936 figura con vinte e nove anos, perito de profesión e procedente do Escorial-Madrid. Era profesor de Debuxo do Instituto de Segundo Ensino de Betanzos. En xullo de 1937 é o director interino do centro -en proceso de ser clausurado polas novas autoridades- ao ser nomeado polo que desempeñaba a dirección accidentalmente -logo da depuración de catro profesores deste- D. Bescansa Aler, quen viña de ser nomeado xefe da Farmacia Militar de Betanzos. En 1938 casa con Maruja Couceiro Núñez, da familia da farmacia Couceiro. Nese ano é xefe comarcal de FET-JONS. Concelleiro a comezos da década de corenta, pasa a desempeñar accidentalmente a Alcaldía o 2 de decembro de 1942, presidindo varias sesións, ata que toma posesión dela Manuel Becaría o 3 de xaneiro seguinte.





Juan Jesús García Iribarne (arriba), miliciano de FET-JONS, foi alcalde entre febreiro de 1937 e outubro de 1939. Gonzalo González González, pai de tres falanxistas, foino de outubro de 1939 a abril de 1940. Imaxes da «Galería de Alcaldes» do Museo das Mariñas.

Asturias), pois o xefe local desa poboación diríxese ao de Betanzos o día 2 de xullo en solicitud de informes: «Habiendo sido injuriado de palabra y obra el camarada-Alcalde de este Ayuntamiento por el llamado José Yglesias, alias «Toporrotó» que viste nuestra camisa azul...». O xefe local de Betanzos infórmalle, ademais da forma correcta do alcume («Touporroutou» y no «Toporrotó»), da situación do expediente de Iglesias pola xefatura provincial da Coruña, «que lo juzga indigno de pertenecer a nuestra Organización»[14]. Con todo, debeu superar eses contratempos, pois consta como militante ata o seu falecemento en 1966, cando ocupaba a praza de capataz do servizo municipal de limpeza.

José Crespo Castro figura con vinte e seis anos no padrón de 1936, dedicado ao comercio. No de 1945 aparece como empregado municipal, casado e cunha filla. Natural de Coirós, levaba quince anos en Betanzos. Rexentou un estanco na actual rúa do Castro e era coñecido popularmente como Pepe o Zúmballe.

Julio Rodríguez Ares aparece no padrón de 1936 como veciño da rúa Ribera 155, de cincuenta e oito anos e profesión «Comercio» (non obstante no padrón de 1945 figura como «agricultor»). Tiña residencia legal na República Arxentina, onde naceran os seus dous fillos, e levaba cinco anos residindo en Betanzos. En 1953 era delegado comarcal de Sindicatos. Nomeado concelleiro en representación de «cabezas de familia» o 6 de febreiro de 1949. Faleceu en 1956 desempeñando o cargo.[15]

Antonio Lino Benito Rey, consta con dezaoito anos no padrón de 1936, e figura como profesión «comercio». Irmán dun «caído» e curmán dos tamén falanxistas Benito Novo. Foi concelleiro con Dapena de alcalde entre 1949 e 1955.

Luis López Vázquez, causa baixa en 1944 por traslado a Ferrol, polo que non aparecerá na listaxe alfabética. Non o atopamos no padrón de 1936.

Carlos Núñez Fernández, estudante de vinte anos no padrón dese ano, era sobriño do banqueiro Agustín Núñez, quen ingresa en outubro de 1937. Falece durante a guerra civil.

Tomás Brea Bouza era irmán dos tamén falanxistas Jesús e Santiago, «balillas» menores de trece e quince anos respectivamente, afiliados uns meses despois

de Tomás. No padrón de 1936 este consta con vinte e cinco anos, dedicado ao comercio e residindo cos pais e irmáns en Cervantes n.º 10.

Antonio Golpe López debeu estar fóra de Betanzos. No padrón de 1936 aparecen a nai e a irmá residindo en Mandeo 12. Posteriormente figura Antonio coa muller, os fillos e a irmá (a nai debera falecer) no mesmo número. No padrón de 1945 figura con cincuenta anos, «propietario», nativo de Irixoa e leva catro anos residindo. Pola contra, no padrón de 1950 aparece como «Rentista», natural de Betanzos e con cincuenta e catro anos de residencia. Algún erro debe haber nun ou noutro. A muller, mestra, figura con cinco anos de residencia e a súa profesión pode explicar a ausencia de Golpe antes de 1945.

Ramiro Prego Meirás, notario e fillo do tamén notario eumés Ramiro Prego Punín, fora excombatente e ascendera de alférez provisional a tenente provisional de Infantería[16]. Chega a Betanzos en 1942 con trinta e un anos, ao ser nomeado notario dunha das prazas da cidade. No padrón de 1945 aparece domiciliado na Praza Hermanos García n.º 12, casado con Victoria Mauri Sobrino (membro da *Sección Femenina* e irmá de dous «vieja guardia») e un fillo de vintecinco días. En 1952 substituirá a Salvador Sánchez García como xefe comarcal do Movemento, función que desempeñará varios anos. Faleceu no ano 2005 xa nonaxenario.

José Benigno Castro Rodeiro debeu vir despois da guerra de Pontedeume, de onde era nativo. No padrón de 1945 está domiciliado coa muller e a sogra en Nuestra Señora 20-A, é carpinteiro, ten trinta e catro anos e leva cinco residindo en Betanzos. En 1943 é concelleiro.

Pedro Galán Simón tiña dezasete anos no padrón de 1936. Era fillo do madrileño Aquilino Galán Checa, mestre nas escolas García Naveira, popularmente do Asilo. No padrón de 1945 aparece como empregado, de vinte e sete anos, solteiro, vivindo coa nai viúva e cinco irmáns na rúa dos Ánxeles n.º 3. Posteriormente será empregado municipal.





Manuel Álvarez García (arriba) presidiu o Concello entre abril de 1940 e novembro de 1942. Manuel Becaría Loureda (abaixo) foi alcalde entre xaneiro de 1943 e febreiro de 1945. Ambos os dous militantes de FET-JONS. Imaxes da «Galería de Alcaldes» do Museo das Mariñas.

14 ARG, C-65272–11. Expedientes de depuración.
15 AMB, C-3104. Libro de Actas de pleno.
16 B.O.E., 3-V-1939.
17 *El Compostelano*, 3-X-1942.


SALUDO A FRANCO
¡ARRIBA ESPAÑA!

FALANGE ESPAÑOLA TRADICIONALISTA
Y DE LAS J.O.N.S.
JEFATURA COMARCAL
BETANZOS
n.º 4
MILICIAS

Francisco Golpe Lobeiras aparece no padrón de 1940 con vinte e sete anos, polo que se afiliaría aos vinte e tres. No libro de afiliados figura a anotación «El Ferrol del Caudillo» que indicaría o seu traslado a esta cidade nun momento dado. Pertencía a unha extensa familia de oito irmáns que residía en Nuestra Señora n.º 6 e da que debía ser o fillo maior.

Enrique Sanz Ares figura no padrón de 1940 como estudante de vinte e catro anos. Nado en Vilagarcía de Arousa, vila onde tivera lugar o acto fundacional da Falanxe en Galicia e onde probablemente se afiliou, vive cunha tía solteira en Roldán 3, domicilio onde posteriormente formará familia propia e se dedicará ao comercio. Foi concelleiro durante varios anos.

Manuel Álvarez García, irmán de Enrique e Luis, rexistrados como números 2 e 3 na lista cronolóxica, figura con vinte e sete anos e de profesión avogado no padrón de 1936. Era secretario de FET-JONS en 1937. Presidiu a corporación municipal durante dous anos e medio, entre o 17 de abril de 1940 e o 17 de novembro de 1942. Tres anos despois, o padrón de 1945 rexístrao no Valdoncel n.º 24, con trinta e sete anos, casado e con catro fillos.

En total son 36 os «camisas viejas» rexistrados antes do 18 de xullo de 1936 e aínda poderíamos engadir a dous máis, que sen ese carácter oficial aparecen afiliados o 21 de xullo, a véspera da toma de Betanzos polas tropas franquistas. Trátase de José López González e Agustín Martínez Amado. O que non sabemos é se se afiliaron xa en Betanzos ou noutra localidade.

## A «JUVENTUD CATÓLICA» DE BETANZOS, UN VIVEIRO DA *FALANGE*

Erias Martínez (2001) publicou no número 24 do *Anuario Brigantino* unha fotografía dos membros da «Juventud Católica» de Betanzos cun documentado pé nominativo das persoas que alí figuran co seu estandarte. Son un total de corenta e tres persoas, a maioría nenos e adolescentes, sete mozas e unha persoa maior que debía ser o director do grupo. A fotografía está datada «(c.1933)». Pois ben, revisando os nomes dos rapaces atopamos que oito deles (algúns aínda de pantalóns curtos) serán pouco tempo despois «camisas viejas» e cinco máis afiliaranse antes de rematar o ano 1936. Tamén a maioría das mozas integráronse na *Sección Femenina*. Pola súa banda, a persoa maior que exercía de mentor do grupo, Gabriel Cartemil Naveira, terciario franciscano, tamén ingresou na *Falange* o 30 de outubro de 1937 e sería nomeado concelleiro por representación «sindical» en febreiro de 1955. Cartemil nacera en 1899. No padrón de 1945 aparece como veciño da Ribeira n.º 98, solteiro e empregado de profesión, vivindo cunha curmá. Non cabe dúbida de que esta



Na «Juventud Católica» atopamos uns anos antes da guerra oito «camisas viejas»: Jaime Moretón (1), Jesús Brage Núñez (2), Lino Benito (3), Vicente Rodríguez Ascariz (4), Francisco Asensi (5), Pedro Galán (6), Luis Mauri (7), Tomás Dapena (8). E cinco afiliados pouco despois do 18 de xullo de 1936: Juan Blanco Vidal (9), Agustín Martínez Amado (10), Luis Sánchez Carro (11), Marcelino Cancela Datorre (12) e o director do grupo Gabriel Cartemil (13). Foto tomada de Erias (2001).

organización relixiosa foi unha boa sementeira para a *Falange* inicial, da que, segundo Stanley G. Payne (1986:124), a súa propaganda «se diferenciaba radicalmente de la mayoría de los grupos fascistas europeos por la importancia que concedía al catolicismo y a la defensa de la Cristiandad».

## AFILIACIÓN DURANTE A GUERRA CIVIL

Durante a guerra civil prodúcese o groso da afiliación betanceira á *Falange*: un total de 146. Aínda que dun xeito desigual: nos case seis meses bélicos de 1936 rexístranse 55 altas, 106 altas ao longo do ano 1937 e, curiosamente, ningunha alta en 1938 e tampouco en 1939.

No resto do territorio «nacional» sucedeu tamén unha grande afiliación. En palabras de Payne (119-120):

> Sus efectivos aumentaron en proporciones enormes y pronto rebasaron los límites de todo posible control. En pocos meses los antiguos cuadros se encontraron totalmente sumergidos por la gran afluencia de nuevos miembros. Como la primera oleada emocional barrió por completo a la derecha, todo el mundo se apresuró a ponerse camisas azules.


Legión Nacional de Flechas
LA CORUÑA
Sección — Centuria
Hechos particulares y servicios especiales
Fecha


FALTAS DE DISCIPLINA O MAL COMPORTAMIENTO
Fecha — Acto cometido

O control sobre os militantes da organización xuvenil era total. A asistencia a actos relixiosos era obrigada e a ausencia penalizada como acto de indisciplina. ARG, C-65244, Expedientes persoais de afiliados.

En setembro de 1936 *Falange* advertía aos afiliados sobre a obriga de usar uniforme, segundo informaba *La Voz de Galicia,* o día 8, «pudiendo utilizar los que no lo tengan completo solo la camisa azul».

Ao «Grandioso acto patriótico-religioso», como reseñaba *La Voz de Galicia* do 15 de setembro de 1936, celebrado na veciña vila de Sada con presenza do comandante militar de Betanzos, o tenente da garda civil González Rodríguez e ao que acudiron falanxistas de Pontedeume, Bergondo e outras localidades, «De Betanzos vinieron cinco escuadras de falangistas y la sección femenina, mandadas por don Salvador Sánchez».

A *Falange* organizou a súa propia Milicia: «Durante la mayor parte de la guerra civil la Falange se consagró casi por entero a la formación de unidades de voluntarios destinados a cumplir servicios militares o paramilitares» (Payne, 1986:137)

E nos primeiros meses eses servizos foron dende logo paramilitares. En Betanzos, como noutros puntos de Galicia, milicianos falanxistas, sós ou acompañando á garda civil, foron responsables da detención e desaparición de varias persoas que logo foron atopadas mortas. Posteriormente moitos falanxistas ingresaron voluntarios en Bandeiras falanxistas que se incorporaron ás frontes de guerra:

> Ya en la guerra, la máxima aportación de Galicia al movimiento de Franco fue la creación de la Bandera Legionaria de las Falanges de Galicia, formada exclusivamente por voluntarios seleccionados en el espíritu y la disciplina de la Falange. Estaba formada por cinco centurias de fusileros, una centuria de ametralladoras y otra para cumplir bajas; el mando supremo correspondía al comandante Barja, del Estado Mayor Central y a sus órdenes inmediatas figuraban seis capitanes y veinte oficiales del Ejército. La actuación de esta Bandera fue decisiva en la conquista de San Sebastián y en la defensa de Huesca. (G.E.G., «Falange Española», t. 11, páx. 73-74)

O Decreto de unificación promulgado o 19 de abril de 1937 integrou baixo o mando de Franco, a Falange Española e os Requetés nunha única entidade política coa denominación Falange Española Tradicionalista y de las JONS, quedando disoltas as demais organizacións e partidos. Este feito, ao que se opuxeron algúns dirixentes falanxistas españois como Manuel Hedilla e outros que foron encarcerados, «fue aceptado por los falanxistas gallegos sin demasiadas dificultades» (G.E.G., «Falange Española», t. 11, páx. 73-74).

## A MILICIA CIDADÁ NACIONAL

O 10 de agosto de 1936 o tenente coronel xefe de Milicias, Benito de Haro Lumbreras, asinaba na Coruña un chamamento que se distribuiría impreso por toda a provincia:

> Hago un llamamiento a todos los hombres de orden desde los 30 a los 60 años, de conducta intachable y sintiendo con todo el fervor y entusiasmo el amor a la Patria, deseen alistarse en estas Milicias Españolas para cooperar al mantenimiento del orden en las poblaciones, prestando en todo momento los servicios necesarios dentro de la localidad que el mando necesite y contribuyendo con su esfuerzo y con la dignidad de españoles a la salvación de la Patria.



MILICIA ESPAÑOLA

Hago un llamamiento a todos los hombres de orden, desde los 30 a los 60 años, de conducta intachable, y sintiendo con todo el fervor y entusiasmo el amor a la Patria, deseen alistarse en estas Milicias Españolas para cooperar al mantenimiento del orden en las poblaciones, prestando en todo momento los servicios necesarios dentro de la localidad, que el mando necesite y contribuyendo con su esfuerzo y con la dignidad de españoles a la salvación de la Patria.

A este efecto se presentarán en la Jefatura de estas Milicias, calle de Fonseca (antigua Residencia de los Jesuítas), acompañados de persona solvente que acredite la personalidad del que solicita el ingreso en tan honroso Cuerpo, o a los Jefes de la Guardia Civil en los pueblos de la provincia, con los requisitos indicados anteriormente.

¡Coruñeses! Al dirigirme a vosotros lo hago con el convencimiento pleno de que sabréis responder como patriotas y honrados ciudadanos, pues ésta es la única forma de que podáis acreditar vuestro patriotismo, ante Dios y ante esta Madre España tan querida, que nos vió nacer y que es cuna de hidalgos y héroes.

¡VIVA ESPAÑA!

La Coruña, 10 de Agosto de 1936.

El Teniente Coronel Jefe de Milicias,

Benito de Haro Lumbreras

Este chamamento diríxese claramente aos que non ingresaran na *Falange* e non estaban mobilizados. Persoas «de orden», maiores de trinta anos –a *Falange* nutríase daquela de mozos e menores desa idade– e que quixesen –ou precisasen– demostrar a súa adhesión e acatamento á causa rebelde que se impuxera en toda Galicia.

Os interesados debían presentarse nas localidades da provincia ao xefe da garda civil acompañados de «persona solvente». Agardaba o xefe de Milicias provincial que os coruñeses da provincia «sabréis responder como patriotas y honrados ciudadanos, pues ésta es la única forma de que podáis acreditar vuestro patriotismo...»

E como «única» forma de acreditar o patriotismo e non ser tachados de contrarios foron moitos os que acudiron á chamada, os máis convencidos, outros arrastrados polo ambiente e os menos para redimir posicións políticas previas. Neste último caso estarían tres concelleiros eleitos en abril de 1931 nas candidaturas republicanas: Emilio Ferreira, José Iglesias Pérez e José Veiga Roel. Moitos son comerciantes, rendistas, propietarios, profesionais liberais (médicos, avogados...), ata atopamos os nomes dun banqueiro, dun exalcalde ou do director da banda municipal. Tamén había outros milicianos mesmo sen recursos para mercar o uniforme, prenda que solicitaban do xefe de Milicias.

Cada Milicia, nomeada unhas veces Nacional e outras Española, adoptaba un nome propio máis ou menos localista. «Caballeros de Betanzos» foi a denominación desta, ao igual que «Caballeros de La Coruña» ou «Caballeros de Santiago» nesas cidades. O 1 de abril de 1937 compoñíana 208 milicianos, mentres que o 15 de agosto dese ano baixara a 189 (aínda que hai oito altas como militantes de FET-JONS).

Os milicianos repartíanse dúas quendas de garda: de dez da noite as dúas da mañá e das dúas ás seis da mañá. A quenda formábana grupos de tres persoas. Lévase un seguimento estrito e anótanse as ausencias: «Faltó». Unha quenda vixiaba o circuíto Estrada de Castela, Ponte Nova e Fábrica da luz. Outra a Ponte Vella, Cañota, Rollo, Cascas e o local. Tamén había unha vixilancia no Pedrido e outra denominada «Escuchas». A







xefatura de servizos estaba encomendada a un militar. Nun principio asignáselle a Eduardo Agulló García, de corenta e un anos, militar retirado (probablemente a raíz da chamada Lei Azaña), con domicilio legal en Ferrol, casado cunha filla de Claudino Pita e residente na rúa Castro de Unta. No padrón de 1940, residentes na rúa Pozo n.º 43, teñen oito fillos dos que o maior, de vinte anos, tamén é militar.

A partir de xuño de 1937 establécese un servizo de día na Ponte Nova, punto estratéxico por ser a entrada dende A Coruña e paso obrigado cara á estación do ferrocarril, de seis a catorce horas e de catorce a vinte e dúas horas. Os días de feira establecíase un servizo de garda de catro persoas e outra na porta da Comandancia.

Co Decreto de Unificación, a partir do 31 de agosto de 1937 pasa a denominarse Milicia Nacional de FET-JONS, polo que automaticamente os milicianos Caballeros de Betanzos pasan a ser afiliados á *Falange*. A Eduardo Agulló –que debeu marchar á fronte– substitúeo Andrés Sande García como xefe de Milicia, nomeado o 3 de xuño de 1940 e en 1943 figura como xefe local da organización.

José Veiga Roel, procedente da disolta Milicia Española, encóntrase nomeado secretario de FET-JONS en xaneiro de 1939 e axiña presionado polas instancias superiores. Ás queixas e ameazas do delegado provincial do servizo de Información e Investigación trata de desculparse dicindo que ao facerse cargo da secretaría «experimenté la desagradable sorpresa de ver que los trabajos de oficina estaban tan atrasados que, salvo contadas excepciones, hacía más de dos meses no se cursaba ningún informe de los muchísimos que se habían solicitado». Tal acumulación de correspondencia «me somete para su








**Servicio de guardia para la noche del día** 31 **de** diciembre **de 193**6

**Primer turno de** 10 **a** 2

Población . . . . . Jefe Manuel Martínez Fernández
Francisco Deibe y Eusebio Ferreiro

Carretera de Castilla . Fran.co Teijeiro Granja y Luciano Gómez

Puente Nuevo. . . . Ant.o García Amor y Vicente Rodríguez Vales

Puente Viejo . . . . Gumersindo Teijeiro y Pedro Couce

Cascas . . . . . . Arturo Teijeiro y Bernardo Hermida

Retén en el local. . . Jefe Juan Ant.o Regueiro
Claudio Cachaza y José Pérez Castro

Cuartel G.a Civil — Ant.o Pérez Alfonso y Jesús Teijo

**Segundo turno de** 4 **a** 6

Población . . . . . Jefe Angel Vidal Bao
Germán Vía Golpe y Juan Ant.o Reguero

Carretera de Castilla . Manuel Calandilla y Emilio Ferreira

Puente Nuevo. . . . Ant.o Fernández Medín y Ant.o López Rivas

Puente Viejo . . . . Jesús Vidal Beamonde y Ant.o Casseiro Freire

Cascas . . . . . . Emilio Couceiro y Eugenio Babío

Retén en el local. . . Jefe Ant.o Lago Pedreira
Manuel Navarro Bugallo y José Manuel Gómez S.

Cuartel G.a Civil — Bernardo G.a Beamonde y Manuel Gómez Carral

**GUARDIA DE DÍA**

Hospital día 31 Adolfo Sánchez Díaz y Agustín Corral

31 { En la G.a Civil día — de 7 a 13 Emilio Castrillón Golán y Edmundo Núñez Caballeiro
de 14 a 21 Edelmiro Álvarez y Francisco Teijeiro Lourada

Local día Eusebio Ferreiro y Francisco Cortiña

El Jefe de servicios.

Ricardo Agulló



MILICIA DE F.E.T. Y DE LAS J.O.N-S. - COMARCAL DE BETANZOS.

Relación nominal de los afiliados de ésta Comarcal con expresión de las Locales a que pertenece

| NOMBRES | Nº | EDAD | CATEGORIA MILITAR | OBSERVACIONES |
|---|---|---|---|---|
| - Local de Betanzos - | | | | |
| Mariano Ferreiros Magariño | 1 | 18 | | Sin cumplir el servicio militar |
| Vicente Granero Lagoa | 1 | 18 | | |
| Angel Sanchez Sanchez | 19 | 19 | | |
| Benjamin Touceda España | 1 | 18 | | |
| Manuel Fernandez Faraldo | 1 | 18 | | |
| Alberto Cagiao Brañas | 1 | 21 | | |
| Jose Suarez Dopazo | 1 | 19 | | |
| Emilio Fariñas Espino | 1 | 19 | | |
| Santiago Brea Souza | 1 | 19 | | |
| Victor Otero Area | 1 | 18 | | |
| Juan Gomez Pena | 1 | 19 | | |
| Joaquin Vazquez Seijo | 1 | 19 | | |
| Jose A. Perez Villuendas | 1 | 19 | | |
| Manuel Blanco Vidal | 1 | 19 | | |
| Cesar Sanchez Maceiras | 1 | 18 | | |
| Manuel Carneiro Rivas | 1 | 19 | | |
| Antonio Breton Perez | 1 | 21 | | 1ª línea |
| Agustin Martinez Amado | 1 | 21 | | |
| Ramon Naveira Via | 1 | 21 | | |
| Francisco Vazquez López | 1 | 22 | | |
| Manuel Sanchez Rendal | 1 | 22 | | |
| Jesus Rendal Faraldo | 1 | 22 | | |
| Avelino Martinez Sanchez | 1 | 22 | | |
| Jose Fernandez Vidal | 1 | 22 | | |
| Jose Mauri Sobrino | 1 | 22 | | |
| Jesus Moar Pedreira | 1 | 23 | | |
| Jose Diaz Barros | 1 | 23 | | |
| Marcial Gonzalez Navaza | 1 | 24 | | |
| Antonio Rey Cal | 1 | 23 | | |
| Ramon Vazquez Seijo | 1 | 25 | | |
| Andres Freire Otero | 1 | 26 | | |
| Enrique Cruz Agra | 1 | 39 | | |
| Victor Pariente Herrejón | 1 | 38 | | |
| Alfonso Lourenzo Gonzalez | 1 | 25 | | |
| Fernando Martinez Alvarez | 1 | 33 | | |
| Manuel Adibas Seco | 1 | 30 | | |
| Angel Vazquez Adan | 1 | 35 | | |
| Manuel Fernandez Folla | 1 | 33 | | |
| Manuel Beguria Louredo | 1 | 31 | | |
| Antonio Lopez Rivas | 1 | [illegible] | | |
| Jose Bogarrol Otero | 1 | 32 | | |
| Manuel Rojo Adreira | 1 | 40 | | |
| Emilio Barinaga Lorenzo | 1 | 27 | | |
| Jose Aparicio Vazquez | 1 | 29 | | |
| Eduardo Crestar Dias | 1 | 24 | | |
| Jose Crestar Dias | 1 | 38 | | |
| Vicente Rodriguez Ascariz | 1 | 24 | | |
| Luis Losada Rodriguez | 1 | 36 | | |
| Manuel Naveira Gude | 1 | 41 | | |
| Alfredo Santos Souceiro | 1 | 41 | | |
| Andres Freire Sas | 1 | 41 | | |
| Bernardo Bonilla Seijo | 1 | 34 | | |
| Joaquin Peña Rodriguez | 1 | 39 | | |
| Raimundo Garea Paez | 1 | 39 | | |
| Javier Teijeiro Bugallo | 1 | 36 | | |
| Manuel Martinez Fernandez | 1 | 32 | | |
| Vicente de la Fuente Mistal | 1 | 36 | | |
| Antonio Pico Pico | 1 | 40 | | |
| Suma y sigue | 58 | | | |

Listaxe de 127 milicianos de FET-JONS, sen datar, probablemente de febreiro de 1939, composto por 16 entre os dezaoitos e os vinte e un anos, sen cumprir o servizo militar; 63 entre os vinte e un e os corenta e un anos, e 48 de máis de corenta e dous anos. ARG, C-65273-9.

| NOMBRES | Nº | Edad Años | Categoría Militar | OBSERVACIONES |
|---|---|---|---|---|
| anterior | 58 | | | |
| Jaime Costas Pelaez | 1 | 41 | | |
| José Luis Fernandez Barreiro | 1 | 25 | | |
| Antonio Vazquez Dans | 1 | 41 | | |
| Juan Vazquez Sabin | 1 | 23 | | |
| Tomas Dapena Espinosa | 1 | 22 | | |
| Gabriel Cartemil Naveira | 1 | 41 | | |
| Francisco Cortes Mendez | 1 | 40 | | |
| Manuel Rivas Núñez | 1 | 24 | | |
| Angel Vazquez Lista | 1 | 40 | | |
| Luis Mauri Sobrino | 1 | 20 | | |
| Camilo Benito Novo | 1 | 21 | | |
| Domingo Vazquez Parga | 1 | 32 | | 1ª línea |
| Juan Varela Franco | 1 | 40 | | |
| Manuel Navaza Crespo | 11 | 39 | | |
| Francisco Asensi Ramallo | 1 | 23 | | |
| Manuel Cabanillas Alvarez | 1 | 41 | | |
| Atanasio Varela Rio | 1 | 39 | | |
| Carlos Martinez Alvarez | 1 | 35 | | |
| Francisco Otero Beade | 1 | 34 | | |
| Tomás Cancela D.torre | 1 | 27 | | |
| Manuel Carro Garcia | 1 | 19 | | |
| Santiago Bamonde Pita | 1 | | | |
| Jose Varela Labandeira | 1 | | | |
| Alfonso Martinez Veira | 1 | | | |
| Marcelino Etchevarria Naveira | 1 | | | |
| Francisco Lopez Gonzalez | 1 | | | |
| Jose Fernandez Varela | 1 | | | |
| Raul Fernandez Mesa | 1 | | | |
| Leandro Pita das Antas | 1 | | | |
| Jose Paraldo Deibe | 1 | | | |
| Antonia Volpe Lopez | 1 | | | |
| Isidro Otero Pombar | 1 | | | |
| Manuel Ramirez de Arrellano | 1 | | | |
| Manuel Louza Dias | 1 | | | |
| Antonio Regueiro Ares | 1 | | | |
| Jose Ares Freire | 1 | | | |
| Miguel Sanmartin Garcia | 1 | | | |
| Domingo Nevares Gil | 1 | | | |
| Anselmo Blanco Martinez | 1 | | | |
| Eduardo López Diaz | 1 | | | |
| Luis Gomez Pita | 1 | | | de mas de 42 años |
| Jacobo Caldelas Núñez | 1 | | | |
| Vicente Garcia Don | 1 | | | |
| José Varela Pérez | 1 | | | |
| Jose Barreiro Raposo | 1 | | | |
| Rafael Pardo de Arguellles | 1 | | | |
| Antonio Perez Alfonso | 1 | | | |
| Julio Sanchez Suarez | 1 | | | |
| Manuel Otero Pérez | 1 | | | |
| Jose Castrillón Gabin | 1 | | | |
| José Lopez Lamas | 1 | | | |
| Arturo Rey Teijeiro | 1 | | | |
| José Barus Montoto | 1 | | | |
| Emilio Souceiro Núñez | 1 | | | |
| Vicente Rodriguez Vales | 1 | | | |
| Jose Veiga Noel | 1 | | | |
| German Via Golpe | 1 | | | |
| Angel Vidal Bao | 1 | | | |
| Antonio Perez Lopez | 1 | | | |
| Agustin Núñez Dias | 1 | | | |
| Francisco Teijeiro Garcia | 1 | | | |
| Luis Souceiro Núñez | 1 | | | |
| Angel Vazquez Vales | 1 | | | |
| Francisco Garcia Amor | 1 | | | |
| Andres Brage Bouzas | 1 | | | |
| Ignacio Núñez Colomer | 1 | | | |
| Santiago Suarez Raposo | 1 | | | |
| Julio Rodriguez Ares | 1 | | | |
| Pedro Rodriguez Rocha | 1 | | | |
| Suma y sigue | 127 | | | |



| Nombres | Nº | Edad Años | Categoría Militar | OBSERVACIONES |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| anterior | 127 | | | |
| José Perez Castro ............ | 1 | | | |
| Jose Paz Vila ............... | 1 | | | |
| Luciano Vaquero Perez ......... | 1 | | | |
| Claudio Cachaza Louza ......... | 1 | | | |
| Pedro Navaza Taibo ........... | 1 | | | |
| Total Betanzos ------ | 132 | | | |

despacho a un esfuerzo extraordinario que me impide dedicarme a otras actividades y ni aún así consigo verme (tachado: libre) aliviado de tan penosa carga». Promete maior celeridade «en cuanto esta Secretaría entre en su normal funcionamiento».[18]

Andrés Sande García figura no padrón de 1945 con cincuenta e sete anos, militar retirado, natural de Ordes con seis anos de residencia en Betanzos. Con el vive a filla Elena Sande Rodríguez, «hermana del Camarada de la Vieja Guardia Ramiro Sande Rodríguez ¡Presente! Primer caído en el Frente de Madrid a los diecisiete años», segundo informa un certificado de 1942 do xefe comarcal Sánchez García sobre esta rapaza, que era a rexedora local de Administración de *Sección Femenina* dende un par de anos antes.

Organizados en tres *Falanges* de dous pelotóns, e cada un destes en tres escuadras de seis homes, agora figura un recorrido de estrada acompañando á Garda civil, así como a vixilancia na estación do «Norte» (Infesta). Tamén durante un tempo fan un servizo na Viña (Irixoa), que non parece teña que ver coa feira que alí se celebraba.

O último servizo que consta na documentación é do 30 de setembro de 1937[19]. Mais a Milicia non desapareceu nesa data, pois o seu libro de altas e baixas que se conserva chega ata abril de 1944, cinco anos despois de remata a guerra.

Non todos os procedentes da Milicia Española, convertidos de repente coa unificación forzosa en militantes da *Falange*, se sentían cómodos nin eran ben vistos polos xefes falanxistas. Así, nun informe do xefe comarcal de Betanzos en xaneiro de 1940, solicitado polo xefe provincial, sobre un incidente de Juan Varela Franco, profesor no Colexio Autorizado de 2.º ensino, co xefe local do SEU (Sindicato Español Universitario) por retirar uns pasquíns do sindicato estudantil redactados e asinados por este, que «contenían distintas faltas de ortografía y deficiente sintaxis», dise que o citado profesor é militante do Movemento procedente da disolta Milicia Española e «si bien cumplió como buen camarada no ha demostrado espíritu Nacional-Sindicalista», aínda ben que «su conducta pública y privada ha sido buena».[20]

No libro de altas e baixas da Milicia, que abrangue do 1 de xaneiro de 1937 ao 5 de abril de 1944 aparecen as persoas que realizaban este servizo de vixilancia. Mais dende a páxina 13 (correspondente ao 15 de agosto de 1937) á páxina 106 (correspondente ao 12 de xaneiro de 1944) as follas están grampadas, non podendo ver as persoas que figuran nesa etapa.[21]

Moitas anotacións ao carón dos nomes revelan exencións nos servizos sobre todo dos máis maiores. Algúns están «rebajado de todo servicio», quizais por idade ou

18 ARG, C-65273-5.

19 ARG: C-65256 – 1. Servizos diarios da Milicia Nacional (1936-1939).

20 ARG. Fondo XCMB. C-65273, Informes político sociais (1937-1956).

21 ARG: C-65256 – 2. Libros de altas e baixas Milicia Nacional (1937-1944).

enfermidade, outros rebaixados do servizo de armas ou «exento de instrucción». Outras anotacións indican casos especiais: «Más de 50 años», «vive fuera del pueblo», «Inútil formaciones», «exento formaciones»... E hai moitas baixas por enfermidade entre os maiores.

Por Lei de 2 de xullo de1940 reorganízanse as Milicias de Falange Española Tradicionalista y de las JONS. Nese ano o xefe comarcal de Milicias FET-JONS de Betanzos é Ramón Bahamonde Álvarez, «Alférez de la Legión, caballero mutilado de guerra por la Patria». Á súa vez o xefe comarcal nomeaba os xefes locais dos concellos da comarca. As propostas partían do xefe comarcal e normalmente eran aceptadas polo Comandante xefe provincial.

Manuel Fernández Puga, militar retirado, foi tamén xefe da Milicia Nacional en etapa indeterminada segundo se di na lembranza necrolóxica do *Anuario Brigantino* de 1951: «Don Manuel Fernández Puga (+16 de febrero de 1950).- Pundonoroso y bizarro militar, natural de la vecina capital coruñesa. hallábase en posesión de varias preciadas condecoraciones por méritos de guerra. Fué jefe de la Milicia Nacional de esta ciudad.»

## OS LABORES DE «LIMPEZA»

Despois da victoria dos sublevados na capital coruñesa e no resto da provincia implantouse de primeiras un servizo de investigación e de control da poboación para asegurar a retagarda. Tras unha primeira vaga de detencións das persoas máis representativas das organizacións republicanas que apoiaban a Fronte Popular, dos líderes sindicais e cargos institucionais, creouse unha estrutura de vixiancia encargada da represión directa, dirixida polos tenentes coroneis Florentino González Vallés e Benito de Haro, dous dos máximos responsabeis da sublevación na Coruña. Estes pasaron a ocupar a delegación militar de Orde Público que compatibilizaba co cargo de gobernador civil o primeiro deles, e o mando da Comandancia, do Tercio despois e tamén de xefe provincial de Milicias Nacionales o segundo deles (Grandío, 2007:158-159).

Nos primeiros momentos Gardia Civil, falanxistas e milicianos participan conxuntamente. Grandío (2007:160) recolle do expediente dunha causa que a primeira petición do Comandante Militar de Betanzos Ángel González tras a toma da cidade foi «seis falangistas de confianza para colaborar con la Guardia Civil para el cargo de policía y servicios especiales».

Na memoria oral e na súa transmisión a través dos anos ficou o relato de que varios dos «camisas viejas» e outros afiliados pouco despois do golpe do 18 de xullo participaron, en colaboración ás veces coas chamadas forzas da orde, en tarefas denominadas eufemisticamente de «limpeza» na retagarda. Algúns nomes coinciden en declaracións realizadas confidencialmente por diversas testemuñas xa falecidas. Con todo, nos propios documentos internos da *Falange* betanceira conservados no fondo antecitado atopamos catro casos de autodeclaración e certificación de teren participado nesas tarefas.

Así, nun auto-informe que realiza Pedro Navaza Taibo sobre el mesmo e tamén sobre o outro membro que integran («somos dos») o persoal de Información e Investigación da comarca de FET-JONS a comezos da década dos corenta (non figura a data na copia do informe nin a quen vai dirixido) entre os méritos que se adxudican figuran a súa participación en labores de persecución e captura de persoas que se atopaban fuxidas ou agochadas.

Pedro Navaza comeza autodeclarando que «Antel (sic) del Glorioso Alzamiento Nacional fué simpatizando de F.E. de las JONS, llegando a contribuir como cotizante y realizar servicios confidenciales para la citada Organización, habiéndome enfrentado en varias



FALANGE ESPAÑOLA
DE LAS JONS
LA CORUÑA

| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|

Nombre
Edad ... años. Domicilio
Profesión
Estado
Historia política



Informes complementarios

Anverso e reverso da ficha de José Fuentes Tasende na que consta a súa participacion na «persecución de huídos».

ocasiones con elementos marxistas». A continuación «Ingresé en la Milicia Española en 25 de Julio de 1,936 en la fuí cabo, en el Decreto de Unificación pasé a F.E.T. y de las J.O.N.S. en la que ejercí el mando de Jefe de Escuadra». Enumera despois unha serie de cargos e servizos realizados para a causa, «voluntarios y gratuitos», o que non lle impediu colaborar na caza de veciños do Concello e da comarca que se atopaban fuxidos:

> A pesar de haber tenido dichos cargos, los pocos momentos libres los dediqué a servicios acompañando a la Guardia Civil, por serles de su confianza, tanto en la persecución y captura de huídos del funesto frente popular, como en otros servicios que me fueron encomendados.

Navaza Taibo, que xa pasaba daquela dos cincuenta anos (nacera en 1887) foi depositario municipal, cargo que xa desempeñara seu pai. Sobre este Pedro Navaza Taibo a revista *Betanzos* do Centro Betanzos de Bos Aires publicaba en 1962, n.º 58, páx. 54, nunha sección titulada «Gaceta Brigantina» o seguinte:

> LA OPINIÓN DE UN MILICIANO
> El señor Pedro Navaza, «tan famoso él», ha declarado en ocasión de la visita que a nuestro pueblo realizó el entonces presidente del Centro Betanzos, señor Luis Picado, que «a los del Centro Betanzos había que fusilarlos a todos» por los conceptos vertidos en nuestra última Revista social.
> Indudablemente hay personas que, como dijo un gran filósofo, lo mejor que puede esperarse de ellas es «que mueran diciendo el menor número de cosas posibles». Aquí no hay lugar para la duda, el señor Navaza conserva «puras» las ideas que tenía en 1936. Por eso creemos oportuno prevenir al señor Navaza y demás «correligionarios» que el fusil de miliciano, que a buen seguro será testigo de sus noches de insomnio, está tan **atascado** que no vaya a ser que le salga el tiro «por la culata»...

No número anterior, correspondente a decembro de 1960, publicaran un «Homenaje a nuestros mártires», reproducindo a placa que colocaran no local social (unha réplica colocouse á entrada do Museo das Mariñas en 2007) cos nomes de 33 vítimas e o encabezamento «Betanzos honra a sus mártires caídos en defensa de la República». Eses deben ser «los conceptos vertidos en nuestra última Revista social» que molestaron a Navaza.



Copia do certificado de Enrique Álvarez cos «servizos prestados».

Pola súa parte, o outro compañeiro de Información e Investigación é José Aparicio Vázquez (quen non figura nas listaxes de falanxistas do libro, pese a que o informe di que «el 5 de Marzo de 1935, se encuadró en F.E.T. y de las J.O.N.S.» –lapsus, nesa data era FE-JONS unicamente–), quen xa se ofrecera para a distribución de propaganda falanxista «y ayudar a las fuerzas militares de ésta Plaza para producir en ellas el triunfo del GLORIOSO ALZAMIENTO NACIONAL, desde cuya iniciación (co)laboró con la Guardia Civil en la vigilancia, persecución y captura (de) huídos pertenecientes al frente popular...»[22]

Tamén na ficha do «vieja guardia» José Fuentes Tasende, de vinte e dous anos, figura escrito a man que «Desde la fundación de las Milicias de Falange el 25 de Julio de 1936, empezó a prestar servicios de armas en la persecución de huídos pertenecientes a(l) nefasto frente popular considerados de 1ª Línea hasta el 20 de Septiembre de 1936». Aínda que no informe que asina o xefe comarcal de Milicias Bahamonde Álvarez cambia a clase de servizos prestados por «haciendo guardias y escoltas con la Guardia Civil, hasta el 30 de Agosto de mil novecientos treinta y siete, fecha de su incorporación a filas».[23]

Noutro informe, o xefe comarcal de FET-JONS Salvador Sánchez García Limiñón certifica, a petición do interesado o 10 de xuño de 1944 e «a efectos de presentar en las Oposiciones de Practicante del Seguro de Enfermedad», que o camarada Enrique Álvarez García pertencía á organización «desde su fundación en Febrero de 1934» e que xa antes distribuía en Santiago (cando estaba estudando) «propaganda de F.E.» (aquí figura tachado «y combatían a la F.U.E.», o sindicato universitario progresista, palabras que desaparecen no certificado definitivo). E continúa:

> Así como desde su ingreso en F.E. ha cumplido como auténtico Nacional-Sindicalista cuantos servicios se le han encomendado, siendo de los elementos que se ofrecieron a las Fuerzas Militares de esta Plaza para producir en ella el triunfo del GLORIOSO ALZAMIENTO NACIONAL, desde cuya iniciación colaboró con la Guardia Civil de este Puesto y con su Comandancia Militar tanto en la vigilancia, como en la persecución y captura de huídos y en otros servicios confidenciales...[24]

22 ARG. C-65244, Informes político sociais (1937-1956)

23 idem nota anterior

24 idem nota anterior



Gonzalo González González co uniforme falanxista. Tomado de González (2009)

Esta «persecución y captura de huídos» foi especialmente cruenta durante os tres primeiros meses, despois da toma da cidade polas forzas rebeldes. Nese tempo producíronse nada menos que vinte asasinatos de betanceiros afíns a organizacións de esquerda ou sindicais, «paseados» en diferentes puntos da comarca e incluso máis lonxe (Torres, 2006a). Ademais dos detidos que sufriron condenas de anos de cárcere. A marcha ás frontes de guerra de moitos voluntarios falanxistas, onde terían ocasión de amosar o seu entusiasmo e ardor bélico, mesmo con perda da propia vida, contribuíu a diminuir notablemente os «paseos» na retagarda.

Marta González (2009) nun traballo no que fala sobre o seu tío Gonzalo González González e outros, di que este contribuira a salvar vidas e que cando faleceu a súa viúva recibira pésames de persoas agradecidas: «En la época en que discurren estas historias militaba en la Falange Español de Betanzos. En esos tiempos convulsos y siempre que le fue posible, ayudó a huir a amigos y conocidos partidarios del Frente Popular, cuando tenía la certeza de que sus vidas corrían serio peligro». O que non hai é unha reflexión de porqué seu tío Gonzalo, un dos varios «sinalados» nas memorias orais, dispuña dunha información tan tráxica e sensible.

## A «CASA DEL PUEBLO» OCUPADA POLA FALANGE

Xa dende os primeiros días da toma de Betanzos polas forzas insurrectas os falanxistas van ocupar a chamada «Casa del Pueblo», sede dos sindicatos existentes naquel momento. Construída na céntrica rúa Travesa cun legado do benefactor Jesús García Naveira, que falecera en Arxentina en 1912, e inaugurada en 1919, acollía en xullo de 1936 os sindicatos afectos á UGT e á CNT e a Cooperativa Socialista.

Un documento de 1943 asinado polo responsable local Andrés Sande García certifica que o local está ocupado por *Falange* e a Delegación de Sindicatos:

> Certifico: que el edificio denominado Casa del Pueblo y ocupado en la actualidad por esta Jefatura y la Delegación de Sindicatos fue siempre domicilio de entidades obreras marxistas siendo en los primeros momentos del Glorioso Movimiento ocupado por las fuerzas de la Guardia Civil y Falange, por ser punto de residencia de los elementos contrarios a nuestro Movimiento. No constando existan muebles que perteneciesen a dicha Sociedad.
> Para que conste y con el fin de remitir al servicio de Información y bienes marxistas espido el presente en Betanzos a veinticuatro de Noviembre de mil novecientos cuarenta y tres.
> Andrés Sande (asinado)


[illegible], JEFE LOCAL DE FALANGE ESPAÑOLA TRADICIONALISTA Y DE LAS J. O. N. S. DE BETANZOS.

CERTIFICO: que el edificio denominado Casa del Pueblo y ocupado en la actualidad por esta Jefatura y la Delegacion de Sindicatos fue siempre domicilio de entidades obreras marxistas siendo en los primeros momentos del Glorioso Movimiento ocupado por las fuerzas de la Guardia Civil y Falange, por ser punto de residencia de los elementos contrarios a nuestro Movimiento. No constando existan muebles que pertenezcan a dicha sociedad.

Para que conste y con el fin de remitir al servicio de informacion y bienes marxistas expido el presente en Betanzos a veinticuatro de Noviembre de mil novecientos cuarenta y tres.

[illegible]

Copia do certificado da ocupación da «Casa del Pueblo» pola Falange.

Resulta curioso que un edificio tan amplo, sede de sindicatos (UGT e CNT) e outras entidades carecese de mobles.

## A DÉCADA DOS CORENTA

Os anos corenta presentan unha baixa afiliación á FET-JONS: catro en 1940, once en 1941, cinco en 1942, un en 1943, tres repítense nos anos 1944, 1945 e 1946, un en 1947, outro en 1948 e catro en 1949. En total, 38 en toda a década. Sen dúbida o desenlace da II Guerra Mundial coa victoria aliada e a derrota nazi-fascista tivo moito que ver.

Con relación a isto, xa o 26 de abril de 1943 o delegado provincial de Ex-Combatentes envía unha notificación «prohibiendo usar sobre uniforme partido distintivo Ejército Alemán». É sabido que, sobre todo os que estiveron na chamada División Azul, oficialmente División Española de Voluntarios, enviada a Rusia adoitaban empregar o distintivo do exército alemán.[25]

E un dato curioso: o 29 de outubro é unha data na que sempre hai anotacións dende 1941, incluso en anos de escasas altas. Así, en 1946 as tres altas do ano rexistranse nese día, no que ten lugar a inauguración do monumento aos «Caídos por Dios y por España» (retirado na etapa democrática e trasladada a gran cruz ao cemiterio municipal), no adro da igrexa de Santiago e presidido polo nome de José Antonio. As dúas placas cos nomes dos «caídos» están hoxe en paradoiro descoñecido. En 1949 das seis altas, catro son nese día. Este feito dase todos os anos ata 1957. Así, das oito altas de 1950, sete son nese día; ou das sete de 1956, cinco danse tamén nese día.

Un dos primeiros acordos da corporación presidida por Tomás Dapena en 1945 foi o de dar o nome de José Antonio á rúa Travesa -que na República adoptara oficialmente o nome de Pablo Iglesias- e, polo tanto, modificar tamén a «Manzana» e as travesías desta coas denominacións de José Antonio. Nin este nome nin o que lle dera a corporación republicana conseguiu callar na maioría da veciñanza, que seguiu a nomeala co nome tradicional. Pode resultar extraño que ata ese momento a *Falange* non intentara incorporar ao rueiro local o nome do seu líder.[26]

---

25 ARG, C-65253-5. Rexistro de entrada de correspondencia.
Con relación á «División Española de Voluntarios» na documentación consultada figuran só catro certificados a voluntarios para alistarse en xuño de 1943: Avelino Sánchez Durán, Manuel Varela Carro («pertenece al Frente de Juventudes»), Juan Castro Cortés («pertenece al Frente de Juventudes»), Gerardo Vidal Camino («ex-Combatiente»). E outro a Antonio Vicos Becerra, de vinte e dous anos xa licenciado o 21-XI-1943. ARG, C-65253-1.

26 AMB, C-52. Sesión celebrada o 24 de abril de 1945.



Monumento aos «Caídos por Dios y por España» inaugurado en 1946. AMB.



Entrega da medalla de ouro de Betanzos ao Caudillo Franco no pazo do Pardo en 1947. De esquerda a dereita: o alcalde Tomás Dapena, Salvador Sánchez García «Limiñón» (xefe comarcal do «Movimiento»), Martín-Ballestero, gobernador civil da Coruña, Franco e Benito Sánchez Valeiro, secretario do Concello. AMB, c. 73



Unha das poucas fotografías coñecidas onde aparece o xefe comarcal do Movemento, Salvador Sánchez García Limiñón (no centro de camisa escura), con outras autoridades nun Certame Agropecuario. AMB.

## CREACIÓN DO CONSELLO LOCAL

En 1952 creanse os consellos locais de FET-JONS que farán reunións periódicas e recollerán os acordos nun Libro de Actas.[27] Cada vez fálase menos de *Falange* e máis do Movemento Nacional.

A primeira reunión ten lugar o 13 de maio de 1952 e a ela asisten, presididos polo xefe comarcal do Movemento camarada Ramiro Prego Meirás, as seguintes persoas: Manuel Roibás Seco, Julio Rodríguez Ares, Gonzalo González Naveira, Encarnación Sanjurjo Pérez, Joaquín Peña González (sic, Rodríguez), Antonio Golpe López, Francisco Asensi Ramallo, Lino Benito Rey e Enrique Ares Sanz, asistidos do secretario comarcal Tomás Dapena Espinosa. Excusaron a ausencia Manuel Becaría Lago (Delegado da Vieja Guardia), Salvador Sánchez García e Santiago Pérez Ardá. Na reunión dase leitura á circular n.º 33 da Secretaría Xeral do Movimento pola que se crean os consellos locais e constitúese o consello local de Betanzos formado polas catorce persoas citadas.

O 1 de abril de 1954 reorganízase o Consello quedando constituído polo xefe comarcal do Movemento (Ramiro Prego), o delegado comarcal de Sindicatos (Julio Rodríguez Ares), o delegado comarcal do Frente de Juventudes (Gonzalo González Naveira), o delegado comarcal do Sindicato Español do Maxisterio (Luis Soto López), o delegado comarcal de excombatentes (Francisco Asensi), a delegada comarcal da Sección Feminina (Encarnación Sanjurjo), un tesoureiro (Manuel Roibás), o secretario (que era o alcalde Dapena), catro

27 ARG, C-65214-1. Libro de Actas Consello Local (1952-1963)




Elaboración propia a partir dos datos do libro de afiliación de Falange.

concelleiros (Lino Benito, Joaquín Peña, Enrique Sanz e Antonio Golpe) e seis propostos de libre designación do xefe provincial do Movemento (Agustín Folla, Fernando Martínez, Julio González Fernández, Luis Ordax, José Luis Fernández e Antolín Sánchez Fernández). Dezaoito membros en total. En 1960 destes seis últimos, tres membros son elexidos pola Asemblea xeral de afiliados e outros tres polo xefe provincial a proposta do local (que propoñía concelleiros afiliados).

Un órgano tan amplo non semella moi operativo e moitas veces solápase coa propia xestión municipal, controlada por este, pois trátanse previamente temas propios do Concello. Oito membros deste primeiro Consello, incluído o alcalde, forman parte dunha corporación municipal de trece membros.

No Consello local celebrado o 1 de abril de 1954, dase lectura polo secretario a un escrito circular da delegación provincial de ex-combatentes «por el que se interesa llevar a caba una labor de acercamiento de los que habiendo luchado en nuestra Cruzada, no se encuentran todavía afiliados a nuestra Organización». A proposta do xefe comarcal acórdase confeccionar un censo de ex-combatentes e dirixirlles un chamamento «para que se encuadren en nuestras filas al mismo tiempo que se lleva a cabo una labor de captación por los componentes del Consejo». O proselitismo levábase tamén a cabo nos centros educativos. Así, na acta do Consello local do 14 de maio dese ano rexístrase que «El camarada Julio Fernández González [en realidade é González Fernández] profesor del Instituto Laboral, da cuenta de la organización de una Centuria del Frente de Juventudes dentro del mismo».[28]

28 ARG, C-65214-1. Actas do Consello local.



Unha das poucas fotografías existentes no AMB de Ramiro Prego Meirás (xefe comarcal do Movemento dende 1952), primeiro pola esquerda a carón do alcalde Tomás Dapena, nun acto de entrega do bastón de mando a este, xunto con outros concelleiros. A xulgar polos rostros non semella un acto moi alegre.

## DECLIVE DA AFILIACIÓN

En 1956, vinte anos despois do inicio da guerra civil, rexístranse sete altas e a partir de aí o declive na afiliación é evidente. Só un par de altas en 1957 e 1958, desaparecendo estas nos anos sucesivos, e rexistrándose apenas unha única en 1962 e en 1963, ata chegar en 1965 ao derradeiro inscrito.

Pola súa parte a comezos de 1955 a delegada da Sección Feminina, Encarnación Sanjurjo Pérez, informaba no Consello Local que «actualmente se cuenta con 90 afiliadas que se espera duplicar en el presente año, al quedar instalada en los nuevos locales», tal como se recolle na acta da reunión celebrada o 12 de xaneiro. Da Sección Feminina non existe documentación neste fondo e as poucas noticias relativas á mesma son indirectas a través da participación da súa delegada nas reunións do Consello Local.[29]

29 ARG, C-65214-1. Libro de Actas Consello Local (1952-1963). Encarnación Sanjurjo Pérez naceu en 1917; no padrón de 1950 figura con vinte e oito anos, solteira, empregada, vivindo na Ribeira n.º 137-B. Xubilouse como empregada municipal en 1983. Era coñecida popularmente por Pichi. No libro *Alcumes recollidos en Betanzos* da autoría de Xulio Cuns e nosa, dise a este respecto na páxina 61: «PICHI: Así chamada porque en certa ocasión representou no teatro un número da revista musical «Las Leandras», titulado Pichi. Este personaxe, sempre interpretado por unha muller, representaba a un adolescente vestido cun mono ou buzo de certo tipo que, desde entón, se chamou «pichi». No Consello Local era a única muller entre homes.





Arriba o alcalde Dapena, con traxe de gala do Movemento, presidindo a comitiva da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia en Lugo no ano 1954.
Abaixo realizando a ofrenda na catedral diante o arcebispo Quiroga Palacios.
Fotografías do AMB.

En 1956, segundo o dirixente José Luis Arrese «la primitiva Falange ocupa aproximadamente el cinco por ciento de los puestos de mando de España» (citado por Payne, 1986:234). Nese ano Arrese é nomeado ministro secretario xeral do partido, cargo que desempeñaría durante un ano. Segundo Payne (1986:226): «Los falangistas de la «vieja guardia» consideraron que este nombramiento presagiaba un importante cambio institucional y en un año se dijo que se inscribieron en la Falange 35.000 miembros, por vez primera desde el fin de la guerra civil las filas del partido, en vez de disminuir, aumentaron». En Betanzos aumentaron en oito, como xa dixemos. Ademais a «Vieja Guardia» aproveitou o momento para presionar dentro do Movemento e tratar de revitalizar a organización. A finais de outubro celebraban no Albergue Universitario de Bergondo (antiga escola de emigrantes da Senra incautada en 1936 para uso do S.E.U.) unha reunión provincial: «La I Asamblea Provincial de la Vieja Guardia de La Coruña comenzó ayer en Bergondo», titulaba a coruñesa *Hoja del Lunes* o 28 de outubro.

En marzo do ano seguinte o alcalde Tomás Dapena dirixiase ao delegado provincial da «Vieja Guardia», José Luis Mariño Cea, sobre unha convocatoria que este enviara: «Las circulares que se han recibido para los camaradas pertenecientes a la Vieja Guardia han sido distribuídas entre los mismos, pudiendo afirmarte que lo han acogido con el máximo interés, ya que alguno de ellos que no la había recibido por no llegar para todos se vino a darme las quejas. Te ruego que el número de circulares que envíes lleguen para todos, debiendo ser cuando menos 23».[30]

Na reunión do Consello Local do 20 de marzo de 1956 dábase leitura ao discurso do novo secretario xeral «y se comentan diversos aspectos del mismo, sobre la forma de llevar el ambiente falangista a la calle y la manera de estructurar nuestro Régimen sobre una base sólida y verdaderamente falangista». Nese ano o 18 de xullo realizábase unha reunión de afiliados de Betanzos, estando 110 presentes no acto e o 20 de novembro celébrase con gran solemnidade o XX aniversario da morte de José Antonio.

Mais, Arrese sería nomeado ministro de Vivenda e a presunta revitalización falanxista e incremento de influencia no réxime franquista non tivo lugar. Segundo Payne: «En cuanto a la Falange, a partir de 1957 podía considerarse prácticamente inexistente; ni siquiera los escasos miles de afiliados que continuaban pagando sus cuotas podían afirmar que la Falange contara para algo en el país» (1986:237). Ou noutra afirmación do declive da organización por parte deste autor (1986:238): «En 1960 era incontestable que el falangismo, como fuerza organizada, estaba totalmente muerto».

Na reunión do consello local de 10 de agosto de 1956 dase leitura «A la Circular 339 en la que se nos indica la precisión de incorporar al Movimiento los jóvenes que desde hace años debieran haber pasado del Frente de Juventudes a engrosar nuestras filas de militantes». As reunións deste consello local realízanse por certo no «Hogar de la Juventud».

As medidas de proselitismo non parecían dar moito resultado a aquela altura. Uns anos despois, nunha acta do consello local de Betanzos en 1962 lemos: «Se ha dirigido carta a todos los antiguos afiliados de Juventudes que no hicieron su pase al Movimiento para ver de atraerlos». Non parece que a carta tivese resultados, pois ese ano somente houbo unha alta.

30 ARG, C-65253-2. Correspondencia particular



Marcial Olveira Rey, derradeiro alcalde de Betanzos afiliado á Falange. Foto da Galería de alcaldes do Museo das Mariñas.

Un parte mensual correspondente ao mes de maio de 1962 rexistra o seguinte balance de militantes na altura: 176 militantes de FET-JONS, 39 da Sección Feminina, 110 das «Juventudes Masculinas» e 75 das «Juventudes Femeninas». Todas elas constituían «Nuestra organización». Sete anos antes, no Consello local do 12 de xaneiro de 1955, a delegada da Sección Feminina, Encarnación Sanjurjo, informaba que contaban con 90 afiliadas «que se espera duplicar en el presente año, al quedar instalada en los nuevos locales». Estas optimistas previsións da delegada non se cumpriron.

A derradeira alta rexistrada no libro de FET-JONS é a de Darío Amor Edreira, que tiña daquela vinte e un anos, producida o 16 de setembro de 1965. Antes e a continuación del figuran outros tres e catro rexistros, respectivamente, mais trátase de persoas afiliadas con antelación, algunhas xa en 1940, esquecidas no rexistro xeral ou que chegan doutras localidades, e mesmo un «camisa vieja» de 1935 que falece no Asilo García Irmáns en 1966, quizá procedente doutra localidade. Entre os chegados están o veterinario nativo de Boiro Marcial Olveira Rey, o avogado Francisco Astray Calvo e o mestre Manuel Pérez Cobas, que desempeñaron cargos municipais. O primeiro, que xa era concelleiro, foi alcalde substituindo a Tomás Dapena, entre o 10 de outubro de 1968 e o 2 de febreiro de 1974[31]. O segundo e o terceiro foron concelleiros con Olveira Rey.[32]

As derradeiras anotacións no libro prodúcense en marzo de 1968 para notificar as baixas de Luis Mauri Sobrino («Emigró a Holanda»), José Fuentes Tasende («Voluntaria»), Ignacio Núñez Colomer («fallecimiento»), Manuel Navaza Crespo («Voluntaria») e Joaquín Freire Crespo («Voluntaria»).

Na renovación municipal de 1971, con Marcial Olveira de alcalde, dos trece membros da corporación unicamente catro figuran no libro de afiliados. Un deles, Ramón Vázquez Seijo, o único «vieja guardia» da corporación, xa fora concelleiro en 1949. Os outros oito restantes eran elixidos polos diferentes terzos de representación familiar, sindical ou de entidades. Mais todos xuraban fidelidade ao Movemento Nacional. Na acta de constitución da nova corporación do 5 de febreiro de 1967 (que se repetiu tamén en febreiro de 1971) detállase a formalidade e fórmula de xuramento do cargo dos concelleiros:

> «Por la Alcaldía son llamados por el orden en quedan expresados a prestar el juramento de sus cargos, lo que hacen de rodillas con la diestra sobre los Evangelios y ante la imagen de

31 A sesión, na que cesaba o controvertido Dapena e tomaba posesión Olveira, nomeado polo Ministerio de Gobernación, estivo presidida polo gobernador civil da provincia. Dapena no seu discurso de despedida deixou unha frase para a historia, copiada dun xerarca do réxime, e recollida no libro de actas: «Los hombres pasan, la Patria queda». Neste caso ben puido substituír Patria por Betanzos.

32 Marcial Olveira Rey faleceu en Boiro o pasado 2 de setembro de 2018 aos noventa anos de idade.

Cristo crucificado, con arreglo a la siguiente fórmula, «Juro servir a España con absoluta lealtad al Jefe del Estado, estricta fidelidad a los principios básicos del Movimiento Nacional y demás leyes fundamentales del Reino, poniendo el máximo celo y voluntad en el cumplimiento de las obligaciones del cargo de Concejal para el que sido nombrado», contestándoles la Alcaldía «Si asi lo haceis Dios y España os lo premien y sinó os lo demanden».

## BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (2001). «Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República.», *Anuario Brigantino*, n.º 24, Betanzos.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Marta (2009). «Ilusiones y realidades: Betanzos, 1936.», *Anuario Brigantino*, n.º 32, Betanzos.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Marta e GOLPE GONZÁLEZ, Lucía (2010). «Gonzalo González y González, benefactor de la ciudad de Betanzos», *Anuario Brigantino*, n.º 32, Betanzos.

*Gran Enciclopedia Gallega* (1974). Voz «Falange Española», tomo 11, páx. 73-74, sen asinar.

GRANDÍO, Emilio edt. (2007): Anos de odio. Golpe, represión e guerra civil na provincia da Coruña (1936-1939). Deputación Provincial da Coruña.

PAYNE, Stanley G. (1986). *Falange. Historia del fascismo español*. Sarpe, Biblioteca de la Historia de España, n.º 24, Madrid. (1ª edición, Ruedo Ibérico, 1965).

-(1997). *Franco y José Antonio. El extraño caso del fascismo español.* Planeta.

TORRES REGUEIRO, X. (2004). *A II República nunha vila galega. Betanzos 1931-1936*. Colección Documentos para a historia contemporánea de Galicia, n.º 187, Ediciós do Castro, Sada.

-(2006a). 1936-1939. «As vítimas betanceiras da represión.», *Anuario Brigantino* n.º 29, Betanzos, páx. 273-318.

-(2006b). «Betanzos. Víctimas da represión fascista 1936-39.», *A Xanela, revista cultural das Mariñas*, n.º 22, outono.

**Arquivo Municipal de Betanzos (AMB)**:

Padróns de habitantes de varios anos: 1936 (C-3407), 1940 (C-283), 1945 (C-3408)

Libros de actas de varios anos: C-51, C-52, C-53, C-3104, C-3105 e C-3106

Documentos relativos ao Instituto de 2.ª ensino, 1931-1937: (C-941).

33 AMB, C-3105. Libro de actas 1960-1967, folio 137 e volta.

**Arquivo do Reino de Galicia (ARG):**
Fondo Xefatura Comarcal do Movimento de Betanzos.
C-65214 – 1. Libro de Actas Consello Local (1952-1963)
C-65214 – 3. Libro de Actas Consello Comarcal FET (1954-1955)
C-65214 – 4. Libro de afiliados (1936-1967)
C-65223 - 1. Actas de reunión de afiliados (1956-1961)
C-65244. Expedientes persoais de afiliados (1936-1944)
C-65253 – 1. Certificados, 1942-1954
C-65253 - 2. Correspondencia particular (1949-1957)
C-65253 – 5. Rexistro de entrada de correspondencia (1942-1944)
C-65256 – 1. Servizos diarios da Milicia Nacional (1936-1939)
C-65256 – 2. Libros de altas e baixas Milicia Nacional (1937-1944)
C-65272 – 4. Actas Consello Local Movemento (1954-1955)
C-65272 – 8. Expedientes Asambleas Comarcais Movemento (1952-1953)
C-65272 – 11. Expedientes de depuración (1937-1939)
C-65272 – 13. Expedientes de nomeamento de cargos locais (1945)
C-65273 – 1. Certificados de servizos prestados Milicia Nacional (1939-1941)
C-65273 – 2. Expedentes sesións Consellos Locais (1951-1956)
C-65273 – 4. Informes quincenais Milicia Nacional (1940-1941)
C-65273 – 5. Informes político sociais (1937-1956)
C-65273 – 7. Expedientes nomeamento Xefes de Milicias (1940-1942)
C-65273 – 8. Partes de visita hospitais Milicia Nacional (1937-1940)
C-65273 – 9. Relacións afiliados Milicia Nacional (1937-1940)
C-65273 – 10. Relación concelleiros 1937-40.
C-65273 – 11. Solicitudes de uniforme da Milicia Nacional (1937)
C-65272 – 13. Expedentes de sesión Consellos Locais (1951-1956)

**Hemerotecas dixitais:**
hemerotecabetanzos
galicianadixital
Biblioteca Virtual de Prensa Histórica
Hemeroteca Digital. Biblioteca Nacional de España
Hemeroteca La Voz de Galicia

.

# LISTAXE ALFABÉTICA DE AFILIADOS

| APELIDOS E NOME | ENDEREZO | ALTA | Observacións |
|---|---|---|---|
| Álvarez García, Enrique | Sánchez Bregua 16 | febreiro 1934 | |
| Álvarez García, Manuel | Valdoncel 2 | 13 xullo 1936 | |
| Álvarez López, Marcelino | P. Garcia Hermanos | 29 outubro 1949 | |
| Ares Freire, José | Valdoncel 9 | 26 outubro 1937 | «no quiere pertenecer» |
| Ares García, Segundo | Trav. Torre | 17 agosto 1936 | |
| Asensi Ramallo, Francisco | Ruanueva 3 | 10 xaneiro 1936 | |
| | | | |
| Baamonde Pita, Santiago | Valdoncel | non consta | |
| Babío Teijeiro, José | Ribera | non consta | |
| Barreiro Raposo, José | Argentina 6 | 29 outubro 1937 | |
| Becaría Lago, Manuel | Sanchez Bregua 5-1º | 20 novem 1949 | «no quiere pertenecer» |
| Becaría Loureda, Manuel | Sanchez Bregua 5-1º | 2 febreiro 1935 | |
| Benito Novo, Camilo | Valdoncel | 1935 | |
| Benito Novo, Miguel | Valdoncel | 18-VIII-1942 | |
| Benito Rey, Antonio-Lino | Ruanueva 65 | 23-II-1936 | |
| Blanco Martínez, Anselmo | Cervantes 4-A | 22-IX-1937 | |
| Bonilla Seijo, Bernardo | Angeles 4 | 18 outubro 1937 | |
| Bernárdez Santaclara, Manuel | Méndez Núñez | non consta | «no quiere pertenecer» |
| Brage Bouza, Andrés | Rua Traviesa | 28 outubro 1937 | |
| Brea Bouza, Jesús | | 17 agosto 1936 | |
| Brea Bouza, Santiago | Valdoncel 22 | 17 agosto 1936) | |
| Bugía Cao, Manuel | Cañota | 29 outubro 1953 | |
| | | | |
| Cachaza Ramos, Claudio | Saavedra Meneses | 29 outubro 1937 | |
| Caldelas Núñez, Jacobo | Puentenuevo | 28 outubro 1937 | |
| Calviño Gómez, Manuel | Roldán | non consta | |
| Calviño Salazar, José | Valdoncel | 26 outubro 1937 | |
| Cartemil Naveira, Gabriel | Pardiñas 30 | 30 outubro 1937 | |
| Casal García, José | | non consta | |
| Castrillón Gabín, Emilio | Roldán 37 | 29 outubro 1937 | «no quiere pertenecer» |
| Castro Rodeiro, José Benigno | Saavedra Meneses | 1 xuño 1936 | |
| Concheiro Golpe, Agustín | Sanchez Bregua | 20 decemb 1937 | |
| Costas Peláez, Jaime | Rua Traviesa 38 | 18 outubro 1937 | |
| Couceiro Núñez, Emilio | Cervantes 28 | 26 outubro 1937 | |
| Couceiro Núñez, Jesús | Méndez Núñez 8 | 17 abril 1937 | |
| Couceiro Núñez, Luis | Méndez Núñez 8 | 20 outubro 1937 | |
| Crespo Castro, José | Sánchez Bregua 14 | 9 febre 1936 | |
| Crespo Crespo, Celestino-Luis | Linares Rivas 2 | non consta | |
| Cruz Agra, Enrique | P. García Hermanos | 15 novem 1936 | |
| Curiel Rodríguez, Alfredo | Ribera 143 | 25 outubro 1937 | |
| Calvo González, Vicente | Ribera | non consta | |
| Crestar Ramos, Eduardo | José Antonio 7 | 29 outubro 1956 | |
| Castro Maseda, Antonio | P. García Hermanos | 10 abril 1957 | |
| Cancela Datorre, Marcelino | Angeles 3 | non consta | |

| | | |
|---|---|---|
| Chivite Ibarrola, Gonzalo | Ana González | 9 xuño 1949 |
| | | |
| Dapena Espinosa, Tomás | Nuestra Señora 2 | 20 febr 1934 |
| Doldán García, Antonio | Magdalena 66 | non consta |
| Del Río Castro, Domingo Antº | P. García Hermanos | 18 agosto 1936 |
| Doval Vales, Antolín | 3ª Trav. Jose Antonio 4 | 29 outubro 1956 «Holanda» |
| Doval Vales, Feliciano | 3ª Trav. Jose Antonio 4 | 29 outubro 1956 |
| Díaz Naveira, Emilio | | 1 febreiro 1937 |
| | | |
| Etcheverría Naveira, Marcelino | Cantón Grande | 30 outubro 1937 |
| Espiñeira Germade, José | Marina 14 | 30 outubro 1937 |
| Espiñeira Vázquez, Ricardo | Infesta (Maestr Nac.) | 1 agosto 1936 |
| | | |
| Fernández Ferreiro, José Luis | Sánchez Bregua | 1935 |
| Fernández Prieto, Manuel | Valdoncel 75 | non consta |
| Fernández Varela, José | Méndez Núñez 2 | 16 outubro 1937 |
| Ferreira Muiño, Emilio | Rua nueva 5 | 30 outubro 1937 |
| Ferreira Gandariñas, Mariano | Cervantes 10 | 17 agosto 1936 |
| De la Fuente Nistal, Vicente | Pr. García Hermanos | 10 decem 1937 |
| Fuentes Tasende, José | Valdoncel 36 | xaneiro 1936 |
| Folla Leis, Agustín | | 1936 «Procede de La Coruña» |
| Freire Crespo, Joaquín | Grupo Los Caneiros | 29 outubro 1944 |
| | | |
| Galán Simón, Pedro | Grupo Las Mariñas | 25 xuño 1936 |
| García Cachaza, Antonio | | agosto 1936 |
| García Carro, Baldomero | Rua Traviesa 57 | 28 outubro 1937 |
| García Carro, Ricardo | Guiliade | 29 outubro 1937 |
| García Don, Vicente | Méndez Núñez 20 | 23 outubro 1937 |
| García Iribarne, Juan Jesús | P. García Hermanos | non consta |
| Gil Bravo, Manuel | | non consta |
| Golpe López, Antonio | Mandeo | maio 1936 |
| Gómez Casal, Manuel | Quiroga | non consta |
| Gómez Fernández, José | P. García Hermanos | outubro 1935 |
| Gómez Pita, Luis | Ribera 153 | 25 outubro 1937 |
| González González, Gonzalo | | 12 outubro 1937 |
| González Naveira, Gonzalo | | non consta |
| Granero Lagoa, José | Rua Traviesa | 28 xullo 1936 |
| Granero Lagoa, Vicente | Rua Traviesa 45 | 18 agosto 1936 |
| Guerrero Pérez, Eduardo | Argentina | 15 abril 1941 |
| Gundín Hurtado, Jesús | Valdoncel | 20 outubro 1936 |
| González Fernández, Julio | | non consta |
| García Amor, Francisco | Jose Antonio | non consta |
| García Moure, Claudino | Saavedra Meneses | non consta |
| Gómez Sancho, José | Pescaderia | non consta |
| García Pardo, Darío | Irijoa- La Viña | 1941 |
| García López, Marino | M. Núñez | 1 xaneiro 1940 |
| Gabín Velo, José Luis | Grupo Los Caneiros | 29 outubro 1949 |

| | | |
|---|---|---|
| Iglesias García, José | Quiroga | abril 1936 |
| | | |
| López García, Antonio | Roldán 15 | non consta |
| Lizarriturri Fiaño, Julián | Ensanche de Portal | 22 outubro 1955 |
| López Cortés, Francisco | San Pantaleón das Viñas | 7 decemb 1944 |
| López Díaz, Edmundo | Sánchez Bregua | 31 outubro 1937 |
| López Díaz, Edmundo | Valdoncel | non consta |
| López Díaz, Enrique | Sánchez Bregua | non consta |
| Lourenzo González, Alfonso | Valdoncel | 30 outubro 1937 |
| Lousa Díaz, Manuel | Pescadería 11 | 26 outubro 1937 |
| Loureda Lago, Víctor | Cascas | 27 outubro 1937 |
| López Sánchez, Fernando | La Graña | non consta |
| Loureda Pereira, Manuel | Cascas | non consta |
| Lara Ambroa, José | Plaza Valdoncel | 29 outubro 1957 |
| López González, José | C.G. Civil | 21 xullo 1936 |
| Leis Bugallo, Agustín | Argentina 1 | 14 febreir 1963 |
| | | |
| Martínez Alvarez, Fernando | Méndez Núñez | 1 xaneiro 1937 |
| Martínez Amado, Agustín | 1ª Tr. Progreso | 21 xullo 1936 |
| Martínez Fernández, Manuel | Sánchez Bregua 11 | 3 abril 1937 |
| Martínez López, José | Díaz de Lemos 3 | 21 outubro 1936 |
| Martínez Teijo, Alfonso | Monjas 8 | non consta |
| Martínez Teijo, Luis | Cervantes | 5 abril 1937 |
| Martínez Salorio, Manuel | Illobre 2 | 18 abril 1945 |
| Martínez Veira, Alfonso | Monjas 8 | 28 outubro 1937 |
| Mauri Sobrino, José | P. Garcia Hermanos 17-2º | 25 setemb1934 |
| Mauri Sobrino, Luis | P. Garcia Hermanos 17-2º | 20 decemb1935 |
| Montes Navaza, Manuel | P. Garcia Hermanos 20 | 16 outubro 1937 |
| Moretón Vico, Jaime-Manuel | P. Garcia Hermanos 17-1º | 14 febrei 1934 |
| Mosquera Naveira, Matías | Cuiña | maio 1937 |
| Muiño Novo, Benito | Ribera | 28 outubro 1937 |
| Mosquera Miranda, J.Ramón | Cañota | 31 maio 1944 «procede de Oza 23-III-1957» |
| Morandeira Serén, Emilio | Ribera | 19 abril 1937 «procede de Bergondo 20-VIII-1962» |
| | | |
| Navaza Crespo, Manuel | P. Garcia Hermanos | 30 outubro 1937 |
| Navaza Taibo, Pedro | José Antonio 23 | 11 outubro 1937 |
| Naveira Cuns, Manuel | José Antonio 17 | 30 outubro 1937 |
| Nevares Gil, Domingo | P. Garcia Hermanos | 27 outubro 1937 |
| Nistal Fernández, Bautista | Valdoncel | 26 outubro 1937 |
| Nogueira Copa, Manuel | Trav. Santa María | 17 agosto 1942 |
| Noguerol Otero, José | José Antonio | outubro 1937 |
| Núñez Colomer, Ignacio | Ensanche de Portal | 26 outubro 1937 |
| Núñez Díaz, Agustín | P. General Franco | 29 outubro 1937 «que va muy viejo para estas cosas» |
| Núñez Fernández, Domingo | | 29 outubro 1946 |
| Noaín García, Miguel | Argentina 1-1º | non consta |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Ordax Latas, Luis | Avda. Jesús García | marzo 1941 | |
| Otero Beade, Francisco | Valdoncel | 9 outubro 1937 | |
| Otero Couce, Valentín | Pontellas (Castro) | 29 outubro 1937 | «no quiere pertenecer» |
| Otero Golpe, Enrique | Avda. Argentina | 3 outub 1936 | |
| Otero Pérez, Manuel | Roldán 5 | 10 decemb 1937 | |
| Otero Crespo, José María | S. Meneses 26-2º | 29 outubro 1956 | |
| | | | |
| Pariente Herrejón, Víctor | Mandeo 19 | non consta | «no quiere pertenecer» |
| Pardo García, José María | Mandeo | 15 decemb 1954 | |
| Paz Vila, José | Mandeo 6 | 28 outubro 1937 | |
| Pérez Alfonso, Antonio | José Antonio | 30 outubro 1937 | |
| Pérez Barreiro, Ramiro | Ana González | 29 outubro 1950 | |
| Pérez López, Antonio | Valdoncel 50 | 30 outubro 1937 | |
| Pérez Troitiño, Remigio | Saavedra Meneses | 4 outubro 1936 | |
| Peña Rodríguez, Carlos | P. General Franco | 22 outubro 1941 | |
| Peña Rodríguez, Joaquín | P. General Franco | 22 outubro 1937 | |
| Pérez Sás, Andrés | Avda. Argentina | 25 setemb 1937 | |
| Pérez Tizón, Javier | Gerpe | 1 maio 1943 | |
| Pérez Vidal, Andrés | | 29 outubro 1951 | |
| Pérez Villuendas, José Ramón | Valdoncel 50 | 23 abril 1942 | |
| Picatoste Francos, Julio | Valdoncel | 23 maio 1952 | |
| Pico Pico, Antonio | Saavedra Meneses | 30 outubro 1937 | |
| Pita Lasantas, Leandro | Valdoncel 55 | 22 setemb 1937 | |
| Pita Otero, Jaime | | non consta | |
| Pita Otero, José | 2ª trav. Progreso | non consta | |
| Prego Meirás, Ramiro | P. García Hermanos | 24 maio 1936 | |
| Presedo Otero, Antonio | Piadela | 30 outubro 1937 | |
| Pérez Ardá, Santiago | Monjas | non consta | |
| Placer Nogueira, Manuel | Repite o nome | 19 abril 1937 | |
| Placer Suárez, Fº | Repite o nome | 15 agosto 1936 | |
| Porto Ríos, José | Grupo Brigantium | 19 abril 1937 | |
| | | | |
| Quintián Faraldo, Antonio | Ribera 99 | 29 outubro 1952 | |
| | | | |
| Ramos Lacaba, Angel | Rua Nueva | 30 outubro 1937 | |
| Rivas Docampo, Antonio | | 29 setemb 1952 | |
| Rivas Núñez, Manuel | Souto | 4 outubro 1936 | |
| Rivera Pena, Ignacio | Plaza Valdoncel | agosto 1936 | |
| Rodríguez Ares, Julio | Ribera 155 | 11 febreir 1936 | |
| Rodríguez Rocha, Pedro | Rua Nueva 37 | 30 outubro 1937 | |
| Roel Barbeito, Ramón | Ribera | 10 novem 1941 | |
| Roibás Seco, Manuel | José Antonio | 20 maio 1935 | |
| Rivas Ares, Antonio | Hórreo | non consta | |
| Rodríguez Pombo, Isauro | Grupo Caneiros | non consta | |
| Rodríguez Pena, Manuel | Betanzos | 29 outubro 1949 | |
| | | | |
| Sande Núñez, Ramón | Avda. Jesús García | 13 decemb 1937 | |
| Sánchez Carro, Luis | Méndez Núñez | non consta | |

| | | |
|---|---|---|
| Sánchez Díaz, Adolfo | Méndez Núñez 24 | 17 outubro 1937 |
| Sánchez Fernández, Antolín | Valdoncel | non consta |
| Sánchez García, Salvador | José Antonio 6-2º | 14 novem 1933 |
| Sánchez Losada, Julio | José Antonio | non consta |
| Sánchez Rendal, Manuel | Grupo Brigantium | non consta |
| Sanmartín García, Miguel | Ribera 125 | 30 outubro 1937 |
| Sanmartín Pérez, Manuel | Ribera 125 | 29 outubro 1946 |
| Sanmartín Pérez, Antonio | Ribera 125 | 29 outubro 1950 |
| Santos Lendoiro, José | Infesta 16 | non consta |
| Sanz Ares, Enrique | Roldán 3 | non consta |
| Seijo Rodríguez, Franc. Carlos | 1ª trav. Santa María | non consta |
| Sevilla González, Luis | Valdoncel | non consta |
| Soto López, Luis | Ana González | non consta |
| Sande N. Luis | Viladesuso-Piadela | non consta |
| Saavedra Barreiro, José | Casas Novas-Infesta | non consta «no se presentó a legali zar su situación» |
| | | |
| Teijeiro Bugallo, Franc. Javier | Avda. Jesús García | 30 outubro 1937 |
| Teijeiro Granja, Francisco | Pardiñas 4 | 30 outubro 1937 |
| Tomé González, Manuel | Quiroga | 1 febreiro 1953 |
| Teijo Martínez, Manuel | Grupo Caneiros | 12 xullo 1956 |
| | | |
| Vázquez Domenech, Ricardo | Roldán | non consta |
| Varela Franco, Juan | P. García Hermanos 6 | 18 outubro 1937 |
| Varela Pérez, José | José Antonio 9 | 27 outubro 1937 «no quiere pertenecer» |
| Varela Ríos, Atanasio | Valdoncel | 15 decemb 1936 |
| Vázquez Crespo, José | P. García Hermanos | 30 outubro 1937 |
| Vázquez Dans, Antonio | | 11 outubro 1937 |
| Vázquez Parga, Domingo | Cañota | 26 outubro 1937 |
| Vázquez Vales, Angel | Valdoncel | 28 outubro 1937 |
| Veiga Roel, José | Sánchez Bregua 23 | 18 outubro 1937 |
| Vidal Bao, Angel | Pardiñas 7 | 24 outubro 1937 |
| Vidal Camino, Gerardo | | 8 marzo 1955 |
| Vidal Núñez, José | Mandeo | 15 maio 1937 |
| Vázquez Seijo, Ramón | P. General Franco | 14 abril 1934 |
| Veiga Ramallo, José | Lanzós 3-1º | 29 outubro 1954 |
| Vicos Bujía, Claudino | C. Castilla 28 | 21 abril 1962 |
| | | |
| Yáñez Míguez, José Luis | Magdalena 2-B | 29 outubro 1954 |

NOTA: Nesta relación por orde alfabética do libro que aquí se transcribe son un total de 206 as personas afiliadas, mentres que na seguinte relación cronolóxica son un total de 266. Os enderezos transcríbense tal como figuran.


NOMBRE Y APELLIDOS
DIRECCION
ALTA
BAJA
CUOTA
OBSERVACIONES


NOMBRE Y APELLIDOS
DIRECCION
ALTA
BAJA
CUOTA
OBSERVACIONES


NOMBRE Y APELLIDOS
DIRECCION
ALTA
BAJA
CUOTA
OBSERVACIONES


NOMBRE Y APELLIDOS
DIRECCION
ALTA
BAJA
CUOTA
OBSERVACIONES


NOMBRE Y APELLIDOS
DIRECCION
ALTA
BAJA
CUOTA
OBSERVACIONES


NOMBRE Y APELLIDOS
DIRECCION
ALTA
BAJA
CUOTA
OBSERVACIONES



NOTA: No listaxe alfabética transcrita anteriormente non figuran os afiliados que corresponden aos seguintes números desta listaxe cronolóxica que reproducimos fotograficamente: 39, 40, 46, 47, 48, 54, 56, 57, 58, 59, 62, 63, 67, 69, 71, 74, 75, 77, 79, 82, 84, 85, 86, 90, 105, 106, 110, 117, 121, 129, 156, 157, 174, 176, 181, 184, 186, 193, 194, 196, 201, 206, 212, 224, 238, 246, 256, 259, 260, 261, 262, 263, 264, 265 e 266.



Vista aérea de Betanzos. AMB.
<http://archivomunicipal.betanzos.net/BETANZOS%20FOTOGRAFICO/vistas%20xerais/
3777_vista_aerea_arquivo_municipal_de_betanzos_G.jpg>